2. Ata onde chega o que as autoridades autonómicas describen como “domicilio” nunha explotación agrícola ou gandeira?



3. Se entendemos que o “domicilio” inclúe tódalas instalacións da explotación, poden persoas alleas á mesma entrar na explotación, como os camións de subministro e recollida de mercadorías, os servizos veterinarios ou técnicos,...?
4. Se debido a un positivo, as persoas propietarias dunha explotación non poden atender aos animais, incumpríanse normas legais como a Lei de benestar animal por falta de alimentación,..., os horarios de pastoreo, as medidas agroambientais (PAC), que solución ten a Consellería do Medio Rural para esta situación?
5. Por que a Consellería non ten un protocolo de actuación ante o illamento do titular ou persoas traballadoras dunha explotación agrícola ou gandeira?

Pazo do Parlamento, 4 de setembro do 2020

Asdo.: Martín Seco García

Carmen Rodríguez Dacosta

Julio Torrado Quintela

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 04/09/2020 09:44:28**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/09/2020 09:44:42**

**Julio Torrado Quintela na data 04/09/2020 09:45:01**



## Á Mesa do Parlamento

**Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Despois de 15 meses de peticións e mobilizacións sindicais, o 9 de agosto de 2019 a Consellería de Medio Rural abriu a mesa de negociación para a actualización do Acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais que data do 1 de abril de 2008.

O 17 de setembro do 2019, na reunión de Comisión de seguimento do acordo do ano 2008, aprobáranse unha serie de pequenas melloras nas condicións de traballo do persoal de referencia, mentres se manteña a negociación do novo acordo de condicións de traballo, para compensar unha parte do grande exceso de horas ocasionado polo período extraordinario de gardas regulado polo acordo de 2008. Naquela reunión acordouse que a Xunta de Galicia elaboraría unha proposta que sería trasladada antes de finalizar o ano 2019 á mesa de negociación sobre as novas condicións de traballo.

A continuidade da mesa de negociación foi reiterada pola parte social o 13 de febreiro do 2020 e o 10 de xuño do 2020 sen resposta.

Logo de asembleas e mobilizacións recentes do colectivo afectado, a Consellería do Medio Rural convocou aos sindicatos a reunións que nin foron mesa de negociación nin tampouco Comisión de seguimento do acordo de 2008. Nelas reunións a Consellería só propuxo un mero retoque do acordado o 17 de setembro do 2019, só aplicable aos xefes de distrito, que non aceptaron as persoas traballadoras por decisión praticamente unánime do colectivo, e quedou patente que despois de 2 anos desde que pediran a negociación das condicións laborais, a Consellería non foi capaz elaborar unha proposta integral de reorganización sobre a que se poida negociar.

O 6 de xullo as persoas traballadoras realizaron unha asemblea telemática e aprobaron consultar ao colectivo afectado sobre a convocatoria dunha folga. Acordaron facer unha enquisa telemática a todo o colectivo, que estivo aberta





para votacións ata o día 8 de xullo ás 10:00 horas. A participación foi moi alta, de 80 persoas (dos 123 postos técnicos afectados polo acordo de 2008, número que inclúe tamén os cargos de libre designación). O 75 % dos que responderon a enquisa amosaron a súa disposición de ir á folga.

Ante esta resposta as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UGT convocaron de forma unitaria a folga do colectivo do persoal técnico forestal vinculado ao SPIF a partir do 1 de agosto de 2020.

Os obxectivos da folga convocada son que a Administración autonómica regule as condicións de traballo nun novo acordo, coas seguintes características:

- Aumentar o cadro de persoal para garantir os descansos legais establecidos sen afectar negativamente aos servizos públicos de prevención e extinción de incendios forestais e de planificación e ordenación forestal.
- Redución do horario anual que supera as 2000 horas.
- Regulación do traballo en fins de semana, festivos, gardas e descansos compensatorios e garantir 15 días de vacacións no verán.
- Distribución da carga de traballo e maior organización entre a xestión de montes, a prevención e loita contra incendios forestais e a xestión do persoal adscrito aos distritos forestais.
- Eliminar a dispoñibilidade absoluta dos xefes de distrito e establecer un segundo xefe de garda por distrito forestal.
- Segunda actividade e coeficiente redutor para a xubilación anticipada.

No desenvolvemento da folga e na aplicación da orde de servizos mínimos, que inicialmente foron pactados, os sindicatos denuncian os seguintes incumplimentos e comportamentos ilícitos:

- Externalización da dirección dos contratos de obra, substituíndo ao persoal técnico que está en folga por persoal alleo.
- Imposición de cambio de cuadrantes e calendarios de traballo, o que supuxo que en determinados días e distritos se pasase, dos servizos mínimos pactados do 66 %, a uns servizos mínimos do 100 %. Ademais, a modificación dos cuadrantes e calendarios de traballo dos xefes de distrito, provocou que se incumpra, durante dous días cada semana e nos 19 distritos, a presenza en servizo mínimo dun xefe de garda nos centros de coordinación de distrito.



- Modificación a través dunha instrucción da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal do procedemento de entrega, recepción e seguimento dos lotes de madeira en xestión pública; encomendando determinados traballos que lle corresponde realizar ao persoal técnico dos distritos forestais que secunda a folga a outros colectivos, nun claro acto de vulneración da liberdade sindical.
- Presións, coaccións e pseudo ameazas, para que se realicen os informes e executar distintas tramitacións non recollidas dentro da orde de servizos mínimos, que establece claramente que o traballo a realizar en período extraordinario serán só "para as tarefas de coordinación e de dirección de medios de extinción de incendios".
- Envío de correos selectivos, o venres 21 de agosto, e non a todo o persoal afectado pola folga, correos, baixo o pretexto de facer o seguimento da mesma, onde se daban instrucións de notificar no caso de deixar de secundar a folga.

Por estes motivos, o comité de folga do persoal técnico forestal acordou formular a correspondente demanda xudicial, por vulneración grave do derecho fundamental do exercicio de folga, así como a posible prevaricación do conselleiro e da secretaría xeral técnica de Medio Rural, por externalizar a dirección de obras "a propósito", de que estaban facendo algo que a xurisprudencia recolle como "*esquirolismo patronal*".

Posteriormente os sindicatos denuncian que en represalia polo éxito da folga convocada e secundada de forma maioritaria polo persoal técnico do SPIF desde o 1 de agosto, a Consellería de Medio Rural vén de aplicar descontos salariais ilegais nos días en que as persoas traballadoras prestan servizos en cumprimento dos servizos mínimos, denuncian que, a pesares do estrito cumplimento dos servizos mínimos estipulados pola Administración, que dan fe da máxima responsabilidade e compromiso do colectivo có servizo público de prevención e extinción de incendios, a Consellería decidiu, en un claro acto de mala fe, coaccionar aos traballadores aplicando descontos ilegais nos días de traballo por servizos mínimos, incumprindo a normativa vixente e tentando de forma ilegal impedir o exercicio do derecho a folga. Algo polo que comunicaron que tamén formularían a correspondente demanda xudicial por vulneración grave de dereitos fundamentais, reclamando na mesma o cese inmediato desta actuación e a reposición integra das cantidades retidas de xeito ilegal.



Cuestións como que se desconte menos cantos más incendios, considerar do mesmo xeito un incendio de 7 gardas cun incendio dunha hora, etc...

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non entendemos que a Consellería siga a desoír os permanentes chamamentos ao diálogo feitos dende as organizacións sindicais e aumente máis a crispación dun colectivo, que xa leva máis de 27 meses reclamando á Administración que se sente a negociar.

En consecuencia, o deputado e a deputada que asina interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que opinan das condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galiza do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais?
2. Cal é o motivo de ter paralizada a mesa de negociación dun novo acordo, cando se comprometeran a presentar unha proposta antes da finalización do 2019? Por que non responden as continuas solicitudes feitas no 2020 polas persoas traballadoras para reanudar a negociación?
3. Cumpriu a Consellería a orde de servizos mínimos pactada e non vulnerou o dereito a folga dos e das traballadoras afectadas?
4. Cales foron as motivacións que seguiu a Consellería de Medio Rural para aplicar os descontos excesivos denunciados polos e polas traballadoras en folga?
5. Creen que tensar a situación con estas medidas e sen convocar a mesa de negociación axuda a ter o mellor clima laboral para desenrolar unha importante actividade como é a loita contra os incendios forestais?

Pazo do Parlamento, 4 de setembro do 2020

Asdo.: Martín Seco García  
Carmen Rodríguez Dacosta  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 04/09/2020 09:54:29**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/09/2020 09:54:41**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



## Á Mesa do Parlamento

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Deputación Provincial da Coruña xestiona e sostén economicamente dende hai décadas dous centros de menores (Fogar Infantil Emilio Romay da Coruña e Centro de Menores de Ferrol).

A pesar de que as competencias en ámbitos tan sensibles coma a atención, coidado e protección dos menores en situacións especialmente vulnerables ou en risco de exclusión social son de competencia exclusiva da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña mantén praticamente en exclusiva estes dous centros sociais cun investimento global que supera os 4 millóns de euros anuais.

Nos orzamentos 2020 da Deputación Provincial da Coruña contémplanse as seguintes partidas iniciais para o financiamento destes centros: 2.747.981 € para o fogar Infantil Emilio Romay da Coruña, con 56 persoas usuarias e onde traballan 64 profesionais e 1.281.668 € para o centro de menores de Ferrol, con 75 persoas usuarias e onde traballan 30 profesionais; en total 4.029.649 euros, o que supón que a Deputación Provincial da Coruña destine entre o 5 e o 6 % do seu orzamento anual (184M € en 2020) ao sostemento de dous centros educativos e dous centros de menores, a pesar de non ter as competencias nestes dous ámbitos.

Como consecuencia desta asunción de competencias impropias, a Deputación Provincial da Coruña inviste 10 millóns de euros cada ano en centros sociais e educativos que debería manter a Xunta de Galicia e deixa de investilos nos concellos, que son o seu principal destinatario; dito doutro xeito, esta situación fai que os 93 concellos da provincia da Coruña deixaran de percibir na última década 100 millóns de euros en investimentos da Deputación.

A transferencia á Xunta de Galicia dos centros sociais e educativos que xestiona a Deputación da Coruña vén sendo demandada dende 2015, e posto sobre a mesa o 7 de outubro de 2015 na reunión institucional que mantiveron o presidente da Xunta de Galicia, e o presidente provincial da Coruña, na que o presidente da Xunta de Galicia Feijóo comprometeuse a convocar aos presidentes/as das catro deputacións galegas para “facer un seguimento do protocolo de colaboración



asinado en 2012 e ver se podemos intensificalo, reorientalo e, se é posible, mellorar o contido e os acordos que asinamos as catro deputacións e a Xunta de Galicia". Un compromiso que, case cinco anos despois, segue incumprido.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego de esta anómala situación?
2. Cando vai o Goberno galego asumir estes dous centros sobre os que ten a competencia exclusiva?

Pazo do Parlamento, 4 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Marina Ortega Otero  
Julio Torrado Quintela  
Pablo Arangüena Fernández  
Paloma Castro Rey

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/09/2020 10:55:04**

**Marina Ortega Otero na data 04/09/2020 10:55:15**

**Julio Torrado Quintela na data 04/09/2020 10:55:26**

**Pablo Arangüena Fernández na data 04/09/2020 10:55:40**

**Paloma Castro Rey na data 04/09/2020 10:55:52**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos,** deputados e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente sentenza do xulgado de primeira instancia número 1 de Coruña que condena á familia Franco a devolver O Pazo de Meirás ao Estado sen ningún tipo de indemnización pon en evidencia o roubo sistemático perpetrado polo Ditador Francisco Franco en Galiza durante a Ditadura, no que constituíu un auténtico “latrocinio” de bens mobles e inmobles de titularidade pública e privada que acabaron no patrimonio persoal do Ditador e da súa familia. Estamos diante dun claro exemplo de enriquecemento ilícito e de malversación de fondos públicos posto que unha grande parte destes bens foron adquiridos mediante a coacción, a forza ou o uso de recursos públicos.

Se ben o Pazo de Meirás é o expoñente máis claro desta apropiación de bens, existen moitos outros que tamén pasaron a ser propiedade do Ditador por medios fraudulentos, irregulares ou ilícitos, como é o caso da Casa Cornide, as estatuas de Abraham e Isaac, as pías bautismais de San Xián de Moraime, o Pazo de Bendaña (Dodro), diversas obras de arte, así como fontes, cruceiros, balaustradas e escudos que foron trasladados desde outros pazos galegos.

En realidade, estamos a falar dun macroespolio que contou coa participación do aparello do Estado e coa complicidade da elite política e empresarial daquel tempo, que





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

tamén resultou beneficiada da trama: por iso o BNG considera que o estudo desta apropiación de bens tamén debe poñer o foco nas prebendas e beneficios que obtiveron as persoas que participaron na trama que fixo posíbel o enriquecemento dos Franco.

Para o BNG, o coñecemento da verdade histórica é unha mostra de saúde democrática e de transparencia. E tamén o primeiro paso para que se faga xustiza, para que se recoñeza o roubo sistemático e a corrupción a grande escala que son sinais de identidade do franquismo, e para que se devolvan aos seus lexítimos propietarios todos aqueles bens que foron adquiridos e transmitidos de maneira enganosa, ilícita ou fraudulenta.

Por todo isto formulase a seguinte interpelación:

1. Ten previsto a Xunta de Galiza encargar a unha comisión independente un informe amplio e exhaustivo sobre todos os bens que puideron pasar a formar parte do patrimonio dos Franco de maneira irregular ou ilícita?
2. Considera necesario o goberno galego facer unha avaliación dos beneficios obtidos pola familia Franco como consecuencia da venda daqueles bens que foron adquiridos de maneira ilícita ou fraudulenta?
3. Considera de interese o goberno galego elaborar un inventario dos bens espoliados que inclúa o método de adquisición ou apropiación, os valores históricos, artísticos e culturais, a súa procedencia e a propiedade orixinal, o valor económico estimado, a situación actual e as entidades ou persoas lexitimadas para a súa recuperación?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2020

**Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Iria Carreira Pazos**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2020 14:02:23**

**Iria Carreira Pazos na data 04/09/2020 14:02:27**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/09/2020 14:02:48**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nestes últimos once anos de goberno do Partido Popular, tanto Galicia como a provincia de Lugo sufriron as consecuencias das malas políticas sanitarias desenvoltas pola Xunta de Galicia. Nun claro desprezo cara os servizos públicos asistimos a exemplos extremos de precarización, con persoal sanitario que chega a asinar máis de 200 microcontratos ao ano.

Unha aposta pola desigualdade, que creaba zonas de cobertura insuficiente ou nas que se deixan de prestar determinados servizos, especialmente no rural. Estas malas políticas afectaron tamén aos grandes hospitais, nos que nesta década se converteu en costume o colapso dos servizos de urxencias, debido á mala planificación do sistema.

No que fai referencia ao principal centro hospitalario de Lugo, os gobernos do PP ao fronte da Xunta de Galicia puxeron de relevo unha situación case que permanente de infradotación de servizos, que non deixaron de ser reclamados polos/as profesionais ou por veciños/as e as entidades agrupadas na Plataforma en Defensa da Sanidade Pública.

Polo menos, desde o ano 2012, veciños/as e profesionais médicos veñen reclamando a creación dunha unidade de ictus no HULA. Unha unidade que permita atender a pacientes con enfermidade cerebrovascular aguda. Estas unidades teñen importancia como centro de recepción de pacientes derivados desde as urxencias extrahospitalarias ou doutros hospitais. Os estudos médicos amosaron que as unidades de ictus melloran as cifras de mortalidade, melloran o proceso de recuperación e diminúen a dependencia das persoas doentes. É ademais unha medida custo-efectiva, xa que diminúa o tempo de estancia media destas persoas.

Cómpre recordar que na provincia de Lugo sofren anualmente de ictus unhas 800 persoas, dos máis de 100.000 casos que se rexistran en España. O ictus é a primeira causa de morte nas mulleres, e primeira causa de incapacidade en adultos, e estímase que aínda que a súa mortalidade se vai reducindo, a súa



incidencia aumentará nun 27 % no próximo cuarto de século. A pesar destas cifras, e das reclamacións repetidas ao longo dos anos, temos chegado ata hoxe sen resposta por parte das autoridades sanitarias da Xunta de Galicia.

Lugo e Ourense son hoxe as dúas provincias que carecen deste tipo de servizo nos seus principais centros hospitalarios. No caso de Lugo, lembrar que o HULA non dispón sequera dun neurocirurxán de garda as 24 horas. Coa ironía engadida de que este centro está incluído, como todos os do Sergas, no programa Código Ictus, que busca unha atención temperá e especializada neste tipo de doença.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai a Xunta de Galicia dotar o HULA do servizo de garda de neurocirurxía de 24 horas? Se fora o caso, en que prazo? Ten pensado a Xunta de Galicia poñer os medios necesarios para a creación no HULA dunha unidade de ictus? Se fora o caso, en que prazo?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia poñer os medios necesarios para a creación no HULA dunha unidade de ictus? Se fora o caso, que prazos manexa a Xunta de Galicia para a creación desta unidade de ictus no HULA?
3. Vai a Xunta de Galicia desenvolver por completo o programa Código Ictus no conxunto do territorio galego?

Pazo do Parlamento, 7 de setembro do 2020

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 07/09/2020 13:19:36**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/09/2020 13:19:46**

**Julio Torrado Quintela na data 07/09/2020 13:19:56**

**Marina Ortega Otero na data 07/09/2020 13:20:08**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En nota de prensa do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 14 de abril deste 2020 dáse conta dunha carta enviada desde ese ministerio á Comunidade Autónoma Galega recomendando mante-lo control durante o estado de alarma da poboación dos xabarís para previr danos nas explotacións agrarias e evita-la propagación de doenzas animais. Fala do perigo que supoñen estes animais como vectores de transmisión e da necesidade do citado control para manter o estatuto sanitario da cabana gandeira e coma medida preventiva da PPA (Peste Porcina Africana).

Pola súa parte a Dirección Xeral de Saúde e Seguridade Alimentaria da Comisión Europea vén de poñer de relevo que a transmisión da tuberculose bovina ós animais domésticos polas especies de caza, especialmente polo xabaril, constitúe un retraso no custo e na efectividade dos programas de erradicación da tuberculose ademais dos considerables danos que ocasiona ós gandeiros.

É necesario destacar a indolencia e apatía amosada polo goberno galego do PP nestes últimos anos con medidas erráticas e ineficaces. Mientras a poboación desta especie medra e os danos son cuantiosos.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A aludida indolencia e apatía chegou a tal punto que de 2016 a 2018 para o governo galego o problema non debería existir pois nin ordes de axuda sacaron. O malestar entre os gandeiros e agricultores galegos era notable, ano de eleccións e agora si, orde de axuda para a fauna salvaxe con considerables mostras de descoñecemento da realidade agrogandeira do País e sen ir ó fondo do problema.

Porque o fondo do problema está nun control poboacional debidamente documentado e deseñado. Falamos dun Plan de Xestión en serio cunha elaboración consensuada. Isto require censos, estudos de comportamentos, hábitos, estratexias de defensa e adaptación da especie e métodos de control da mesma.

Houbo a través destes anos pasados promesas de Plans de Xestión, algún disque foi ata encomendado con orzamento e todo... mais nada... puido máis a preguiza, ou era so propaganda ?

Este ano os danos feitos nos cultivos de horta e forraxeiros, estes especialmente do millo, foron e están sendo cuantiosos. Hai gandeiros que están mudando de forraxe abandonando o millo por outras alternativas ou simplemente deixando de botalo porque non lles compensa os gastos.

Foron estes de tal magnitud que a dotación orzamentaria das axudas non chegou a nada e houbo que incrementala non sabemos en canto, queremos crer que de boa fe, vaia, cadrou en plena campaña electoral...

Falar do cercado de fincas con valados ou pastores eléctricos coma solución preventiva ó problema é descoñece-la realidade da agro gandaría deste noso país pola dispersión das parcelas, polo número delas e pola forza, maña e teimosía que amosan estes animais.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

E non é problemática que se solucione con axudas ós danos e á prevención porque como diciamos ó comezo o asunto vai máis alá dos danos a cultivos cando de temas sanitarios falamos. Non se quere nomea-la PPA pero está aí ameazando o noso sector porcino. Non se quere mentar a tuberculose pero a transmisión existe.

Faise, pois, necesario elaborar de inmediato un plan de xestión. Non pode ser un imposible. Agora, ante a ameaza dun novo e moito maior problema, a chegada da peste porcina, non se pode continuar improvisando con medidas que nada solucionan. Sobre a peste porcina africana, hai un grupo permanente de expertos en Europa, proxecto liderado por un equipo do CSIC, que vén de aprobar un manual de actuación en setembro de 2018, con intención orientadora de como fazer fronte á expansión da enfermidade, centrándose en aplicar criterios de xestión e bioseguridade sobre as poboacións de xabaril no medio natural.

Este grupo do que participan expertos de diferentes administracións europeas informa que:

-Asistimos a unha imparable expansión da peste porcina africana (PPA), considerada unha epidemia a grande escala, e que a Europa chegou polo leste e polo norte no ano 2007.

-A enfermidade logo pasou dos cochos domésticos ás poboacións salvaxes de xabarís, e estas comenzaron a expandila cara o sur de Europa.

-No 2014 -2015 as autoridades xa evidenciaron a circulación do virus nos ecosistemas naturais converténdose nun ciclo epidemiológico autosostido.

-Nestes momentos a UE xa advirte que a enfermidade é endémica nas poboacións de xabaril de varios países de Europa do Leste e Centro e continúa





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

expandíndose cara a Península Ibérica (hoxe, xa nas portas de Francia na fronteira belga), sendo un motivo de extrema preocupación.

-As autoridades veterinarias indican que controlar esta epidemia selvática de peste porcina está resultando unha tarefa moi difícil, dada a súa complexidade epidemiolóxica, a falta de experiencia e o alcance xeográfico do problema.

-Resulta preciso abordar a expansión da epidemia dun modo colaborativo e harmonizado entre as distintas rexións de Europa seguindo criterios científico-técnicos.

-As recomendacións pasan por actuar urxentemente adoitando medidas sobre manexo da caza do xabaril, introducir criterios de bioseguridade e xestión, e correcta manipulación na eliminación e movemento das canais de xabaril.

-En primeiro lugar debe abordarse a xestión práctica das poboacións de xabaril incorporando criterios de bioseguridade a fin de reducir os riscos e previr as consecuencias da chegada da enfermidade

-Precísase non perder tempo, e aprobar xa un plan de xestión e de bioseguridade do xabaril, que permita ter diagnósticos anticipados do estado da poboación, tanto a efectos de control de tamaño e efectivos, como detención precoz de carga vírica da peste porcina, e posible identificación de áreas infectadas. Tamén contar coa previsión de elaborar un protocolo de actuacións e coordinación con diferentes axentes implicados (tecos, veterinarios, granxas, autoridades medioambientais), e campaña informativas e sensibilización sobre como actuar fronte a presenza de canais sospeitosas, así como o que facer cos xabarís cazados durante as sesións de controis de poboación.

-En zonas de risco, advírtese que os controis cinexéticos de poboación, só poderán efectuarse cando exista un protocolo estrito de intervención en canto a adoptar





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

medidas de bioseguridade, cos que garantir a eliminación segura dos cadáveres de xabaril.

Por todo isto formulase a seguinte interpelación:

Para cando a elaboración e aprobación dun Plan de Xestión e de Bioseguridade do xabaril, que permita ter diagnósticos anticipados do estado da poboación, tanto a efectos de control de tamaño e efectivos, como detención precoz de carga vírica da peste porcina, e posible identificación de áreas infectadas?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Maria González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert na data 07/09/2020 13:24:27**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/09/2020 13:24:31**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

**María del Carmen Aira Díaz na data 07/09/2020 13:24:43**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de 3 millóns de euros.

Despois de case 10 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o daquela Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsable de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018.

En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteproxecto da dragaxe e o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro. Demandan





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

No mes de abril de 2019, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo. A comezos de xuño de 2019, Portos fixo pública a través dun medio de comunicación a intención de trasladar os depósitos a un punto de vertido situado na ría de Arousa, nas proximidades da illa de Sálvora, proposta que suscitou o rexxitamento unánime do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa.

No mesmo mes de xuño, o parlamento de Galiza aprobou unha proposición non de lei na que se insta á Xunta á elaboración, conforme a normativa vixente e ás directrices existentes respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garante que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, en especial á ría de Arousa.

Malia este acordo, tanto a conselleira do Mar como a directora de Portos de Galicia seguen defendendo publicamente a proposta de depositar os lodos na ría de Arousa e desbotan a posibilidade de retiralos e tratalos en terra polo seu alto custo e pola incidencia do tráfico de camións no centro da cidade de Pontevedra. A este respecto, a presidenta de Portos falou da necesidade de que 4.000 camións pasen polo centro de Pontevedra e a conselleira elevou a cifra a 11.000.

Por todo isto formulase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que medidas levou a cabo a Xunta de Galiza para o cumprimento do acordo parlamentario do mes de xuño de 2019, relativo ao depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez?

Considera a Xunta de Galiza a posibilidade de darlle unha solución diferenciada aos materiais areosos, susceptibles de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría, e os lodos que poidan conter elementos contaminantes ou prexudiciais para o medio mariño?

Considerou a Xunta de Galiza a posibilidade de retirar e tratar en terra os lodos da canle do río Lérez?

Mantivo contactos co goberno municipal de Pontevedra sobre a viabilidade desta proposta?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Paulo Ríos Santomé na data 07/09/2020 13:48:46**

**Alexandra Fernández Gómez na data 07/09/2020 13:48:49**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/09/2020 13:48:58**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza nas residencias de maiores privadas para garantir as condicións sanitarias e asistenciais necesarias fronte á COVID-19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de agosto de 2020 a Xunta de Galiza anunciou a intervención da residencia da Fundación San Rosendo situada no Concello do Incio.

A decisión veu motivada pola aparición dun gromo de COVID-19 que atinxía, naquel momento, 67 casos positivos, 59 persoas usuarias e 8 traballadoras/es.

A comezos do mes de setembro (6 de setembro) rexistráranse 12 persoas falecidas, todas elas usuarias dese centro residencial e o número de traballadoras e traballadores contaxiados continuou incrementándose até se situar en 34.

De feito, oito de cada dez persoas usuarias da residencia do Incio contaxiouuse da COVID-19 desde que se detectou o gromo.

O caso do Incio non é o único. Así, na residencia DomusVI de Lugo (Outeiro de Rei) hai detectados 46 casos activos entre as persoas residentes; 29 na residencia Orpea de Culleredo e 4 na DomusVI de Lalín en senllos gromos que atinxen tamén persoal traballador destes centros.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

En total, o número de persoas contaxiadas en residencias de maiores sitúase a comezos de setembro en 230.

Desde que se decretou en Galiza a emerxencia sanitaria pola COVID-19 as residencias de maiores convertérónse nun dos principais focos de contaxio sendo os centros de titularidade privada os máis afectados.

Malia todo o vivido desde o marzo o Goberno galego non actuou con previsión. Por exemplo, durante os meses de verán a Xunta de Galiza non estivo a facer probas PCR entre o persoal das residencias, tampouco entre aquelas traballadoras e traballadores que se incorporaban das vacacións ou substituían o persoal habitual durante as súas ferias. Para Política Social era suficiente con que cubrisen cuestionarios de auto-avaliación.

Foi só despois de denunciar a CIG publicamente esta situación e os seus riscos cando a Consellaría de Política Social anunciou que se sometería ás probas a este persoal como mecanismo de prevención.

De igual maneira, a intervención por parte da Xunta de Galiza dalgunhas das residencias privadas apenas se produce cando un grumo se dispara.

Por todo o exposto con anterioridade formulase a seguinte interpellación:

- Despois da primeira onda do virus, que medidas adoptou a Xunta de Galiza para previr a COVID-19 nas residencias de maiores privadas? E nas públicas?
- Fixo algunha inspección sobre o grao de cumprimento dos protocolos de prevención nos mesmos?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Abriu a Xunta de Galiza algúun procedemento interno de investigación ou estudo para determinar que fallou na primeira onda e que medidas era preciso adoptar para que as residencias estivesen blindadas na segunda onda?
- Valora o Goberno galego intervir as residencias de maiores privadas como mecanismo de prevención mentres se manteña a pandemia co obxectivo de garantir a máxima calidade asistencial e sanitaria das residencias privadas?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020

**Asdo.: Olalla Rodil Fernández  
Montserrat Prado Cores  
Iria Carreira Pazos  
Deputadas do G.P. do BNG**

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 08/09/2020 08:57:03**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2020 08:57:07**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2020 08:57:15**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración por parte da Xunta de Galiza das repercuśóns no ámbito financeiro da fusión entre Bankia e CaixaBank e, en xeral, da posíbel evolución do mercado financeiro após o impacto do coronavirus.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A última hora do pasado xoves 3 de setembro coñécíase a confirmación oficial por parte das direccións de Bankia e Caixabank de negociacións conducentes á fusión. Case a media noite a Comisión Nacional do Mercado de Valores facía públicos escritos de sendas entidades comunicando, acorde co previsto no artigo 227 do texto refundido da Lei do Mercado de Valores (RD 4/2015) a existencia de negociacións e estudos para unha posíbel fusión, confirmando así as novas que xa aparecían en diferentes medios de comunicación. De prosperar esta operación, o grupo resultante contaría con activos por 650.000 millóns de euros e pasaría a ser o maior banco do mercado estatal por diante do Santander ou do BBVA.

Cómpre recordar como a crise financeira que explota no ano 2008, lonxe de supoñer unha oportunidade no camiño de reforzar a transparencia, a intervención, o control e tutela pública para evitar novas burbullas financeiras, supuxo o contrario. Nos anos seguintes as medidas impulsadas no ámbito do Estado español por parte de PP e PSOE supuxeron unha reestruturación que avanzou na concentración e centralización do sector. Desta maneira asistimos á privatización e bancarización das caixas de aforros, á





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

reducción de entidades e a un complexo proceso de concentración bancaria que chega até a actualidade acompañado dunha gran perda de emprego e de peche de oficinas e dunha transformación do sector, cada vez más enfocado á colocación de produtos financeiros e con graves problemas de exclusión financeira dun volume cada vez más grande de poboación, ben por falta de servizos, como acontece en moitas poboacións, ben polas condicións abusivas de acceso.

Entre outras consecuencias, un informe elaborado pola Comisión Galega da Competencia respecto da concentración bancaria en Galiza dende o punto de vista da competencia até o 31 de decembro de 2016 advertía xa duns índices de concentración superiores á media estatal e europea. Posteriormente ao ámbito temporal do informe aínda tiveron lugar procesos como a compra por un euro do Banco Popular por parte do Santander no ano 2017. Estamos polo tanto diante dun proceso que continúa e que após o impacto da pandemia do coronavirus prevé unha nova fase de fusións e polo tanto de aumento da concentración bancaria e redución da oferta no mercado. Esta vía é mesmo alentada por parte de organismos internacionais como o Banco Central Europeo (BCE), como amosan declaracóns recentes do seu vicepresidente e ex ministro Luís de Guindos situando as fusións como urxentes diante dos danos “estruturais” da pandemia.

Así mesmo, cómpre recordar que Bankia foi unha das beneficiadas do rescate bancario que custou xa ás arcas públicas estatais máis de 65.000 millóns de euros. Concretamente, Bankia foi rescatada no ano 2012 por 24.069 millóns de euros dos que oito anos despois tan só foron recuperados 3.303. Así mesmo, a finais de 2019 o propio Banco de España calculaba como recuperábeis en Bankia tan só 9.560 millóns. O contexto acelerado pola pandemia e a posibilidade da fusión botan novas dúbidas sobre as posibilidades reais de recuperación do investimento público, e novas dúbidas sobre a utilidade do mesmo.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Diante desta situación, o FROB, que posúe un 61,8% del capital de Bankia, afirmaba que se estudaría a eventual fusión atendendo a factores como “a xeración de valor e a optimización na recuperación das axudas proporcionadas”. Porén, a día de hoxe falta unha posición clara por parte das administracións responsábeis e un compromiso coa recuperación dos recursos públicos investidos no rescate bancario así como coa intervención pública para evitar novas consecuencias negativas froito da concentración bancaria.

No contexto aberto é necesario que a Xunta de Galiza faga seguimento desta situación concreta e, en xeral, das mudanzas que afecten de forma directa e indirecta ao mercado financeiro galego en todos os ámbitos, da competencia á exclusión financeira pasando polo traballo ou os dereitos das e dos consumidores.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Como valora a Xunta de Galiza a afectación ao noso país da evolución do mercado financeiro apósto a emerxencia da covid-19?

Ten avaliado ou vai avaliar a Xunta de Galiza a posíbel fusión entre Caixabank e Bankia e as súas repercuśóns para Galiza? Que valoración fai respecto dos índices de concentración bancaria no noso país? E respecto a afectación en materia de emprego, consumo e rede de oficinas?

Valora a Xunta de Galiza impulsar novos informes e estudos respecto das consecuencias para o noso país da evolución do mercado financeiro?

Considera a Xunta de Galiza que o mercado financeiro galego pode considerarse un oligopolio?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Considera a Xunta de Galiza a concentración bancaria – e polo tanto a redución da oferta- que se está a producir é beneficioso para as persoas usuarias de servizos financeiros?

A que cre a Xunta de Galiza que é debida a grande concentración de entidades financeiras en Galiza?

Considera a Xunta de Galiza de xeito positivo os efectos da reestruturación bancaria?

É consciente a Xunta de Galiza da perda de empregos que ten experimentado o sector? Como prevé a súa evolución?

Vai impulsar a Xunta de Galiza a banca pública galega ou novas fórmulas de participación pública, reformulando instrumentos de crédito?

Considera a Xunta de Galiza necesario adoptar as medidas necesarias para que o aforro galego reverta en crédito e investimento no noso país?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2020 09:03:31**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 08/09/2020 09:03:52**

**Daniel Pérez López na data 08/09/2020 09:04:04**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O DOG do 2 de xaneiro de 2012 publicou o anuncio da Dirección Xeral de Conservación da Natureza polo que se acorda someter a información pública a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 Galicia. Este documento di literalmente o seguinte:

A rede Natura 2000 en Galiza atópase actualmente composta por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) que representan unha superficie de máis de 101.000 ha (medios mariños e terrestres) e 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) que abranguen unha superficie de máis de 374.500 ha (medios mariños e terrestres). De acordo coa clasificación en ecorrexións da Comisión Europea, 55 LIC adscríbense á rexión bioxeográfica atlántica e 10 á mediterránea, e seis destes espazos superficies posúen en ambas as rexións. No seu conxunto, a rede Natura 2000 ocupa unha superficie de 389.737 ha (medios mariños e terrestres).

A actual lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) en Galicia foi considerada como insuficiente por parte da Comisión Europea, polo que é preciso completar a aplicación en Galicia da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coa aprobación dunha nova proposta de LIC. Así, a Comisión Europea, nas súas decisións polas que se





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

aproban as primeiras listas de lugares de importancia comunitaria (rexión bioxeográfica atlántica, Decisión 2004/813/CEE, Diario Oficial de la Unión Europea, 29.12.2004, e rexión bioxeográfica mediterránea, Decisión 2006/613/CE, Diario Oficial de la Unión Europea, 21.9.2006), estableceu para cada unha das rexións bioxeográficas e para cada estado membro as necesidades de mellora na contribución á rede Natura 2000 que se debían considerar nas futuras ampliacións, corrixindo as insuficiencias detectadas ou mellorando a información.

Transcorrido un amplio período desde a publicación pola Comisión das dúas decisións, é urgente iniciar os trámites para completar a rede Natura 2000 galega, e dar así cumprimento ao mandado da Comisión.

Un mes máis tarde publicouse un novo anuncio no DOG, ampliando o prazo de información pública:

“Desde a data da publicación do anuncio no DOG recibíronse un importante número de consultas de particulares, concellos e interesados diversos xunto coa solicitude de ampliación do prazo establecido para a participación por consideralo insuficiente para valorar adecuadamente a proposta. Conforme o establecido no artigo 16.1.a) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente,

ACORDO: Ampliar o período de participación do público á proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia que se abriu mediante o Anuncio do 2 de xaneiro. O dito período de participación amplíase nun prazo dun mes, contado desde a publicación desta resolución, coa finalidade de que todos aqueles interesados que se consideren directamente afectados, poidan remitir observacións e opinións mediante escrito, dirixido á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ao endereço de correo electrónico ampliaci<sup>n</sup>natura2000.cmr.santiago@xunta.es

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2012.

Malia a urxencia da que se fala neste trámite de información pública da proposta de ampliación, pasaron máis de sete anos e a Xunta de Galiza aínda non deu cumprimento ao mandato da Comisión Europea.

2. No ano 2014, a Xunta de Galicia aprobou o Plan Director da Rede Natura 2000. Este Plan foi obxecto en 2015 dun informe moi crítico por parte da Comisión Europea, tanto no referente a ZEC da rexión bioxeográfica Atlántica como da Mediterránea. O informe sinala, entre outras deficiencias, as seguintes:

“As medidas de conservación recollidas no Plan son demasiado vagas e indeterminadas e non ofrecen polo tanto suficiente claridade para a súa aplicación. En consecuencia, non pode considerarse que o Plan Director da rede Natura 2000 en Galicia sexa unha ferramenta suficiente na que se determinen todas as medidas de conservación necesarias para os 55 LIC atlánticos da rede situados na rexión”.

3. No mes de xullo de 2017, a daquela conselleira de Medio Ambiente anunciou que a Xunta de Galicia estudiaba ampliar a Rede Natura 2000 por considerar que supón unha oportunidade de desenvolvemento sostíbel para os concellos. Anteriormente, no mes de xuño, aprobouse na Comisión 2<sup>a</sup> unha proposición non de lei do PP na que se instaba ao goberno galego a “iniciar os traballos de estudio e documentación para ampliar a Rede Natura 2000”.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Semella unha burla que a Xunta fale en 2017 de ampliar a Rede Natura cando este trámite xa foi iniciado e sometido ao trámite de información pública no ano 2012. A realidade é que pasaron máis de 8 anos desde a tramitación desta ampliación urxida pola CE (e 12 anos desde a proposta de 2008, máis ambiciosa) e Galiza está á cola do Estado en superficie de territorio protexido por Rede Natura.

4. Nos últimos tempos, a crise provocada pola pandemia da COVID 19 puxo de relevo a importancia de preservar a biodiversidade e de conservar o protexer os espazos naturais, polo que se fai máis necesario e urgente reactivar a ampliación da Rede Natura e a elaboración e aprobación dos plans de xestión específicos para cada un destes espazos, tal como reclamou a UE.

Por todo isto formúllase a seguinte interpelación:

1. Por que razón a Xunta de Galiza incumple o mandado da Comisión Europea a respecto da ampliación da Rede Natura?
2. Por que a Xunta de Galiza paralizou a ampliación da Rede Natura sometida a información pública no ano 2012?
3. Que previsións ten a Xunta de Galiza a respecto da ampliación da Rede Natura na presente lexislatura?
4. Ten coñecemento o goberno galego do deterioro irreversíbel que sufriron moitos deses espazos?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

5. En cantes dos espazos incluídos na proposta de ampliación se desenvolveron ou están previstos proxectos mineiros, hidroeléctricos, eólicos e de plantacións forestais de piñeiros e eucaliptos?
6. Ten previsto o goberno galego revisar o Plan Director da Rede Natura e aprobar Plans de xestión específicos para cada un dos lugares, tal como reclamou a Comisión Europea?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2020 09:22:33**

**Paulo Ríos Santomé na data 08/09/2020 09:22:36**

**Alexandra Fernández Gómez na data 08/09/2020 09:22:48**



## Á Mesa do Parlamento

**Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta, Luís Manuel Álvarez Martínez, Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Galicia ten unha parte moi importante do seu territorio que é eminentemente rural, cunhas especificidades moi acusadas en canto á dispersión, despoboamento, envellecemento, ..., tamén cunhas circunstancias diferentes en canto á dotación de medios públicos (educativos, sanitarios, asistenciais,...) como nas comunicacóns tanto físicas (transporte público, rede de estradas...) como virtuais (telefonía tanto fixa como móvil, acceso á banda ancha por fibra, 3-4 ou 5G, satélite,...).

Unha das características do rural é o envellecemento da súa poboación, nas zonas menos poboadas que case chegan a ser o 80 % do territorio galego, as persoais maiores son o 43 % da poboación, a correlación entre os menores de 15 anos (poboación que agora volta ao sistema educativo) e os maiores de 65 anos (persoal en maior risco ante a COVID-19) é de 64.181 fronte a 282.958, dos cales 49.928 teñen máis de 85 anos.

Nos concellos de menos de 10.000 habitantes, hai menores no 40,1 % dos fogares e alo menos nun 15,2 % conviven con outros núcleos familiares.

É dicir, o inicio de curso escolar no rural galego derivado da situación xerada pola COVID-19 é especialmente preocupante, polo número de persoas maiores (persoal con maior risco ante o COVID-19) que se atopan no seu territorio e o elevado índice de convivencia destes cos menores de 15 anos.

En materia educativa, ano tras ano diminúe o número de profesores, de aulas, de centros educativos e unidades, como neste 2020/2021 con supresións como a EEI de Luaña en Brión ou a EEI de Comiáns na Laracha e que a Consellería de Educación continúa o agrupamento de alumnos/as que este ano pasa de 14/16 alumnos a 25 en lugares como A Baña, Castro de Rei, Melide e outros.

En moitos concellos tódolos nenos e nenas conviven nun só centro educativo, como en O Incio ou en Castroverde, é dicir, en caso dun brote poñeríamos en risco ao 100 % das familias con fillos do concello.



Estes datos son consecuencia da xestión política da Consellería de Educación, que tende á concentración do alumnado, tendo na maior parte da zona rural espazos suficientes para poder ter uns rateos de alumnos menores, pero que terían que vir acompañados dunha maior dotación económica do sistema educativo.

Ademais nestes concellos rurais, os escolares comparten bus con outras persoas de maior idade, aumentando tamén así o risco de contaxios.

No rural temos unha situación de menores recursos sanitarios que no entorno urbano, mentres en termos xerais temos 2,71 profesionais de atención primaria e 0,99 pediatras por cada 100 pacientes, no rural estas cifras son moito menores, con especial preocupación no servizo de pediatría onde temos concellos como Mazaricos onde carecen dende fai tempo deste servizo e outros concellos da área de Compostela ou Ortegal. Sen ter unha maior dotación de persoal sanitario difícilmente poderase facer un bo seguimento, cribados ou rastrexo do virus.

Outro dos problemas que ten o noso medio rural son os déficits tecnolóxicos pola falla de banda ancha e conexión a internet, que pode facerllles imposibles a moitos alumnos conectarse nunha situación de necesidade as plataformas educativas que oferta a Consellería de Educación.

En consecuencia, os deputados e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. É coñedor o Goberno galego das problemáticas propias do medio rural co inicio do curso escolar?
2. Vai tomar medidas a Xunta de Galicia, nos ámbitos educativos, sanitarios do medio rural, que eviten o posible colapso do medio rural coa chegada do inicio do curso escolar ante a situación pola pandemia da COVID-19?
3. Van tomar medidas co transporte compartido entre escolares e persoas adultas?
4. Por que eliminan escolas unitarias e agrupan alumnos e alumnas no territorio rural en época COVID-19, podendo xestionar grupos estables más axeitados?
5. Asegura o Goberno galego que todos os concellos rurais teñen un pediatra como referencia no propio concello nestes tempos de COVID-19?
6. Asegura o Goberno galego que o 100 % do alumnado do rural terá acceso a internet e as plataformas dixitais en caso de ter que utilizalo?



7. As medidas máis restritivas establecidas actualmente nos concellos de Arteixo, Lugo, Carballo, Santa Comba, A Laracha, Santiago de Compostela e Ourense polo incremento de positivos de COVID-19, non son de aplicación aos centros escolares?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Martín Seco García

Carmen Rodríguez Dacosta

Luís Manuel Álvarez Martínez

Noa Díaz Varela

Julio Torrado Quintela

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 08/09/2020 13:36:08**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/09/2020 13:36:21**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/09/2020 13:36:32**

**Noa Susana Díaz Varela na data 08/09/2020 13:36:42**

**Julio Torrado Quintela na data 08/09/2020 13:36:54**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Antonio Lourenzo Sobral**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o mantemento e rehabilitación das pallozas de Piornedo (Cervantes) e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2010 o Partido Popular decidiu suprimir a liña de axudas que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) dedicaba ao mantemento e rehabilitación das pallozas. Isto supuxo un duro golpe para as persoas propietarias destas construcións tradicionais, de orixe celta, e especialmente para os conxuntos etnográficos de Pedrafita e Piornedo, declarados Ben de Interese Cultural.

As características das pallozas –especialmente o teito natural con palla de centeo-- exixe dun importante traballo de conservación que, alén do máis, resulta cada vez máis dificultoso no acceso aos materiais e á man de obra cualificada para o levar a cabo.

Desde a última actuación levada a cabo pola Xunta de Galiza e a Deputación de Lugo en 2015, as pallozas de Piornedo non contaron con ningunha axuda pública para a súa restauración. Malia as denuncias e sinais de alarma lanzadas pola veciñanza e as persoas propietarias, o Goberno galego non dispuxo ningún tipo de axuda para levar a cabo os labores de recuperación.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

É evidente que a conservación deste importante patrimonio cultural, símbolo da nosa identidade colectiva como pobo, exixe dun grande esforzo por parte das persoas propietarias e tamén da administración pública.

Cómpre lembrar que a Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galiza sinala a Xunta como máxima responsable da súa salvagarda e titular exclusiva desta competencia.

Neste senso, desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que as actuacións non poden continuar a ser meros parches nin levarse a cabo cando o deterioro está moi avanzado senón que cómpren medidas progresivas que garantan un estado de conservación óptimo ao longo de todo o ano.

Polo exposto formulase a seguinte interpelación:

Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopan as pallozas, especialmente as de Piornedo?

Por que razón o Goberno galego suprimiu en 2010 a liña de axudas anuais que o IGVS destinaba á conservación e mantemento destas construcións?

Pensa recuperárlas? En caso afirmativo, cando e con que orzamento? En caso negativo, por que non?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 08/09/2020 17:50:26**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/09/2020 17:50:31**

**Mercedes Queixas Zas na data 08/09/2020 17:50:39**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2020 17:50:52**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Na situación pandémica actual, o sector turístico foi e é, sen dúbida, o sector económico máis golpeado, e a súa recuperación será complexa co paso do tempo debido a múltiples factores, que afectan tanto á oferta como á demanda.

Os destinos turísticos son principalmente vilas e cidades, sendo un sector clave para os concellos turísticos de praia, as grandes cidades, os destinos culturais e gastronómicos, os espazos naturais e os pequenos municipios turísticos do rural.

Nesta situación socio-económica tan complexa cremos axeitado realizar un exhaustivo seguimento sobre as actividades, orzamentos e melloras que se van realizar neste Xacobeo 2021 na nosa Comunidade Autónoma.

En palabras do Sr. Feijóo no seu discurso de investidura: “...é fundamental reformular o Xacobeo...”. O Grupo Parlamentario Socialista reclama ter información actualizada e continua do que se está a facer neste tema tan importante para a recuperación económica do noso sector turístico.

Un maior control democrático das actuacións da Xunta de Galicia en materia xacobeira vese como imprescindible a tan só catro meses da súa celebración.

Por iso a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. En que vai consistir a “reformulación” do Xacobeo 2021 para que o turismo na nosa Comunidade Autónoma sexa esa “ferramenta económica” da que falou o presidente da Xunta de Galicia no seu discurso de investidura?
2. Cales son as accións previstas pola Xunta de Galicia para potenciar as actuacións no Xacobeo 2021 nas sete grandes cidades?
3. Cales son os orzamentos previstos pola Xunta de Galicia para potenciar as actuacións no Xacobeo 2021 nas sete grandes cidades?
4. Cales son as accións previstas pola Xunta de Galicia para potenciar as actuacións no Xacobeo 2021 na nosa Comunidade Autónoma? Cales son os



orzamentos previstos pola Xunta de Galicia para potenciar as actuacións no Xacobeo 2021 na nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán  
Martín Seco García  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 08/09/2020 18:10:22**

**Martín Seco García na data 08/09/2020 18:10:35**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015, que contaba cun investimento inicial de máis de 97 millóns de euros, para levar a cabo obras de rehabilitación, ampliación ou nova construcción de edificios xudiciais en Galicia, elevouse para informe do Goberno galego no Consello da Xunta de Galicia do 27 de agosto de 2009.

No Debate do Estado da Autonomía do ano 2010, o presidente da Xunta de Galicia facía referencia a este plan prometendo ata 100 millóns de euros, para un total de 64 actuacións, 20 de elles de nova construcción ou gran reforma. Neste documento inclúíanse varias partidas para novos edificios que seguen no caixón da Consellería a día de hoxe, aínda que o presidente da Xunta de Galicia na inauguración do Xulgado de Pontevedra deu por rematado o plan.

A pesares disto, a realidade é, que das actuacións previstas no plan quedaron esquecidas nun caixón as dos xulgados de Muros, Sarria, Cambados, Vilagarcía e A Estrada. En relación a este último, existía unha partida específica de 2.300.000 euros para o reagrupamento dos 2 xulgados de Primeira Instancia de Instrucción.

No mes de xaneiro o alcalde de A Estrada ofrecía ao vicepresidente da Xunta de Galicia, o Sr. Rueda, uns terreos de 3000 metros cadrados para construír este novo edificio, anunciando posteriormente que comezarían as obras.

Pero a realidade é que 9 meses despois non hai nada iniciado, nin tan sequera existe un proxecto. Pola contra recentemente anunciouse que a parcela cedida no seu día para a construcción deste xulgado vai destinarse a curto prazo a aparcamiento para os vehículos das persoas usuarias do centro de saúde sito ao carón, que está a piques de ser inaugurado. En concreto o alcalde e o vicepresidente da Xunta de Galicia anunciaron a habilitación de duascentas prazas de aparcamento nesa parcela.

Con este anuncio vemos máis lonxe a creación dos novos xulgados, atopándose neste momento nunha situación precaria, sobre todo o Xulgado nº2, que leva instalado no arquivo dende máis dunha década, no que ía a ser un emprazamento



provisional. E isto, a pesar das recomendación do Consello da Avogacía e do Colexio de Avogados da necesidade de unificar ambos xulgados.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten a intención o Goberno galego de cumplir na súa totalidade o Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015?
2. Nove meses despois de ser cedido o terreo polo Concello, cales son os motivos polos que non se inicia a construción do edificio xudicial da Estrada?
3. Ten a Xunta de Galicia a intención de iniciar xuntanzas ou conversas cos alcaldes de Muros, Sarria, Cambados ou Vilagarcía, para iniciar as actuacións xudiciais pendentes nestes concellos?
4. En relación a creación do novo xulgado da Estrada, firmaron xa, a Xunta de Galicia e o Concello, a cesión do terreo sito en A Baiuca?
5. Van a iniciarse no 2021 as obras de construcción do novo xulgado de A Parda?
6. Vai a utilizarse como aparcamiento para as persoas usuarias do centro de saúde, a parcela sita en A Baiuca, e cedida polo Concello para a construcción do novo edificio xudicial?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Pablo Arangüena Fernández  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 08/09/2020 18:14:54**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**Pablo Arangüena Fernández na data 08/09/2020 18:15:06**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



## Á Mesa do Parlamento

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A situación dos fogares galegos a finais de 2019 amosaba que estes áinda non se tiñan recuperado da crise económica de 2008, manténdose o 24,3 % da nosa poboación en risco de pobreza ou exclusión social (AROPE), 33.000 persoas más que no 2018, cun incremento de 2,18 puntos porcentuais de fogares que teñen dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes dende o primeiro ao cuarto trimestre de 2019, chegando a unha subida do 19,53 % se comparámos o segundo trimestre de 2019 co mesmo trimestre de 2020.

O mesmo acontece cando comparámos os fogares nos que todos os seus membros están en paro, que se teñen incrementado en 2500 fogares se comparámos o cuarto trimestre de 2009 e o mesmo trimestre de 2019, ou o incremento en 12700 fogares sen ingresos para o mesmo período, segundo os datos EPA publicados polo IGE.

O acceso ao emprego debería ser a ferramenta determinante para saír da pobreza, pero a enquisa de condicións de vida elaborada polo INE reflexa que as persoas accederon de forma moi limitada ao emprego nos anos de recuperación económica anteriores ao confinamento, e as que o atoparon foi de baixa calidade e en condicións de precariedade laboral.

Estes datos, recollidos nun bo número de informes, poñen de manifesto o fracaso das políticas económicas e de emprego da Xunta de Galicia do PP durante os seus más de once anos de goberno, que no canto de contribuír a diminuir as desigualdades teñen incrementado a fenda inicialmente existente, chegando nalgúns casos a considerarse situacións naturalizadas, pasando así de ser lacras a combater a feitos que aceptar.

Esta situación supuxo que o noso país estivera nunha peor situación que no conxunto do Estado para enfrentarse á crise económica e social derivada da crise sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai elaborar o Goberno galego un plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social, con prazos e medidas concretas e medibles, para reverter esta preocupante situación dos fogares galegos?
2. Que orzamento vai destinar o Goberno galego na aplicación deste plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social?

Pazo do Parlamento, 8 de setembro do 2020

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/09/2020 19:14:28**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/09/2020 19:14:40**

**Marina Ortega Otero na data 08/09/2020 19:14:51**

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García e Pablo Arangüena,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

É un feito que nos últimos anos os desprazamentos de persoas dende países onde a rabia é endémica aumentaron de xeito exponencial, tanto por turismo como por viaxes de poboación migrante, e tamén produciuse un incremento paralelo de desprazamentos de animais, como tráficos mal controlados de cans a través de servizos de mensaxería. Lugares como Marrocos, onde é un problema endémico ou países con casos de rabia no este de Europa, supoñen un importante risco para a nosa poboación.

Aínda que existe unha rutina en principio axeitada de control dos animais que entran dende estes países, de feito están a suceder entradas non controladas. Como consecuencia, sucederon os eventos de Argés (Toledo) en 2013 e de Melilla de xuño do 2019, en ambos casos con cans que desenvolveron a rabia tras estar en territorio marroquí. O primeiro deles circulou durante máis de 2 meses por diferentes lugares de España unha vez adquirido o virus, e cando enfermou chegou a morder a ata cinco persoas.

En España tamén se presentan casos de rabia selvática, que pode ser transmitida por morcegos, detectándose en 2018 dous exemplares infectados, en Huelva e en Valladolid, que morderan a senllas persoas.

A forma de contaxio da rabia a humanos máis probable é a mordedura dun can (95 % dos casos), pero que tamén pode suceder pola dun gato ou un morcego, aínda que sería tamén posible tamén por outros tipos de ferida ou por outras especies.

O período de incubación é moi variable, desde poucos días ata máis dun ano, e durante el podería haber eliminación de virus e, polo tanto, risco de contaxios. O virus invade o sistema nervioso e, se non se actúa antes da aparición dos síntomas, a mortalidade é elevadísima: a rabia mata unhas 60.000 persoas cada ano e só se rexistraron uns 15 casos de supervivencia, e ás persoas que a superaron quedáronlles graves secuelas neurolóxicas.



As medidas actualmente existentes mostráronse en xeral eficaces, ante a evidencia de que na práctica suceden entradas a España tanto de persoas como de animais co virus da rabia, e dado o altísimo risco de mortalidade desta enfermidade, deberíanse reforzar ánda máis as precaucións, extremando os controis e a concienciación do gravísimo risco de introducir animais non controlados e recuperar a vacinación obligatoria en Galicia onde actualmente é voluntaria dende o ano 1994, mentres que no resto do estado español agás o País Vasco e Cataluña é obligatoria, pois para previr a posible aparición de brotes segundo a OMS é necesario que polo menos o 70 % da poboación de carnívoros domésticos (cans, gatos e furóns) estea vacinada. Establécese unha primeira vacinación a partir dos tres meses de idade do animal e unha revacinación anual, bienal ou variable.

A ocorrencia dos casos caninos recentes foi en territorios onde a vacinación antirrábica é obligatoria, pero o can de 2013 estivo antes de ser sintomático un tempo en Cataluña, territorio non protexido pola vacinación obligatoria.

Sendo unha zoonose e que as mascotas se poden mover polo territorio nacional, entendemos que se debería declarar a nosa comunidade libre de rabia e para iso, a deputada e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. É consciente a Consellería de Medio Rural dos riscos sanitarios que pode xerar a rabia no noso territorio?
2. Despois do que estamos a vivir coa entrada da COVID-19 no noso territorio e os efectos dunha zoonose no noso territorio, considerou a Consellería de Medio Rural en variar os criterios e establecer a obligatoriedade da vacina antirrábica en cans, gatos e furóns na nosa comunidade o ser unha enfermidade vírica, contaxiosa a humanos e letal?

Pazo do Parlamento, 9 de setembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta  
Martín Seco García  
Pablo Arangüena Fernández  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/09/2020 09:36:50**

**Martín Seco García na data 09/09/2020 09:37:04**

**Pablo Arangüena Fernández na data 09/09/2020 09:37:30**

## Á Mea do Parlamento

**Luis Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela**, deputado e deputada pertencentes o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**:

O inicio do curso 2020/2021 ven precedido por un nivel de incerteza sen precedentes como consecuencia da pandemia provocada polo COVID-19. Tería sido necesario, mesmo imprescindible, prever diferentes escenarios aos que adaptarse dependendo das circunstancias sanitarias que poidan darse. A proba de que esa previsión é pertinente é que varias Comunidades Autónomas a fixeron ao longo dos meses de xullo e agosto, previos ao inicio de curso.

A necesidade de dar cumprimento ao establecido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade ao determinar, entre outras medidas, que nas etapas de Ensino Secundario Obrigatorio, Bacharelato e Formación Profesional os postos escolares manterán unha distancia de 1,5 metros respecto de todos os postos que o rodeen medidos dende o centro da cadeira, mesmo retirando outro mobiliario como andeis ou colgadores que limiten o espazo disponible, fai necesario que nun número considerable de centros sexa necesario aumentar o número de grupos xa que, obviamente, é menor o número de alumnos que poden acomodarse nas aulas.

Así, nesta data son numerosos os centros que están a proponer que o alumnado de educación secundaria obrigatoria reciba clases pola mañá e o de bacharelato pola tarde, proposta coherente ao non dispoñer de aulas suficientes; esta proposta tamén leva aparellado o incremento de profesorado necesario para a creación dos novos grupos necesarios.

Son múltiples os exemplos que se poderían poñer e que recollen os medios de comunicación ao facerse eco destas modalidades organizativas, como *El Progreso* na súa páxina 9 da edición do 8 de setembro ao informar dos centros da cidade de Lugo ou *Faro de Vigo* na páxina 19 da mesma data ao facer o propio sobre os centros da cidade de Vigo.

Parella a esta posibilidade existen queixas de colectivos de nais e pais do alumnado de bacharelato que lamentan que esa modificación nos horarios suporá a imposibilidade de cursar outras ensinanzas, como as das Escolas Oficiais de Idiomas ou Conservatorios Profesionais de Música, ou tamén a



participación noutras actividades como poden ser as vinculadas a prácticas deportivas.

Por outro lado, a Administración educativa anunciou o día 21 de agosto a incorporación de 1.000 novos docentes ao sistema educativo galego na propia web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Nesta noticia a Administración estaba a mesturar 240 mestres, 543 docentes (entre mestres e profesorado de secundaria) do programa ARCO e a estimación de, aproximadamente 217 profesores dos corpos de secundaria o que apunta a que se contemplaba, xa nesa data, un certo incremento de unidades tanto da educación secundaria obligatoria como de bacharelato.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan a seguinte Interpelación:

1.ª) Ten ditado algunha instrución organizativa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que os centros poidan cumplir o establecido con respecto ás distancias interpersoais entre o alumnado nas aulas?

2.º) Ten a Consellería de Cultura, Educación e Universidade nesta data algúns estudio de cantos grupos sería necesario desdobrar para dar cumprimento ao relativo a esas distancias? E o incremento de profesorado necesario para levar a efecto tales desdobres?

3.ª) De ser así, cales son esas estimacións?. Noutro caso, por que non fixo esas estimacións?

4.ª) Ten avaliado a posibilidade de modificar o horario das Escolas Oficiais de Idiomas e Conservatorios Profesionais de Música para aqueles casos nos que o alumnado de bacharelato ao que se lle modifique o horario e curse de forma simultánea ambos estudos poida continuar con esa simultaneidade?

Parlamento de Galicia, 9 de setembro de 2020

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez  
Noa Díaz Varela  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/09/2020 12:21:59**

**Noa Susana Díaz Varela na data 09/09/2020 12:22:13**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e María González Albert,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa aos mercados de proximidade.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras a declaración do estado de alarma unha das maiores preocupacións, ademais da sanitaria, era a de asegurar o abastecemento de alimentos da poboación minimizando os riscos de contaxio e garantindo o abastecemento o tempo que durase esta situación excepcional e despois da mesma.

A rápida prohibición de celebración de feiras e mercados locais e o feito de facer recaer todo o peso do abastecemento de alimentos e produtos básicos nas cadeas de alimentación e supermercados desatou inmediatamente a polémica nos sectores produtivos do País.

O goberno en funcións da Xunta de Galicia, de man do PP opta por continuar na liña política de favorecer as grandes distribuidoras de alimentos e rematar cos espazos abertos e dinamitar a relación de confianza entre produtor e consumidor.

O sector de venda directa e os asiduos ós mercados locais vense prexudicados e non atinan a comprender por que non se establecen protocolos de seguridade para que estes mercados non só teñan continuidade, senón que se incentiven coma espazos máis seguros e con máis garantías de calidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

¿Por que ás áreas comerciais e ós supermercados e hipermercados non se lles aplica a mesma lóxica que se empregou para o peche dos mercados locais? Hai que saír á rúa para ir e volver, dentro xúntase a xente en pequenos espazos...

Esta medida non ten xeito en materia sanitaria. O manufacturado en plástico e bandexas de polistireno non aseguran máis hixiene nin maior seguridade sanitaria.

En cambio si recoñecen aptitude na mercancía dos produtores de venda directa telefónica, online e no propio Mercaproximidade. ¿Por que logo nos mercados locais non?

O peche unilateral destes mercados sen consultar co sector e sen habilitar medidas compensatorias para as persoas afectadas que garantan a súa subsistencia polo cese da actividade, é dunha irresponsabilidade maiúscula, tal e como se amosou cando a Consellería decidiu acorda-lo peche dos mercados alimentarios de proximidade ata o 31 de marzo e preto de 40 organizacións galegas de diversos ámbitos fixeron público un manifesto pedindo a reapertura dos mesmo, preocupándose que dispoñan dos medios materiais e humanos necesarios para organizar e aplicar correctamente todos os protocolos de seguridade a que obriga a orde do 23 de marzo de 2020 sobre a venda directa de produtos agroalimentarios nos mercados.

A compravenda de alimentos estaba protexida dentro da situación de emerxencia sanitaria, permitíndose os desprazamentos a centros comerciais para a súa adquisición, mesmo con total liberdade horaria, tal e como reflexa o artigo 7 do Real Decreto 463/2020.

Se ben é certo que se recomenda non celebrar actividades ó aire libre, entre as que se incluíron as feiras e os mercados, a orde específica vai dirixida a aqueles eventos que puidesen chegar a concentracións de máis de 1.000 persoas, polo que os mercados





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de proximidade que se celebran periodicamente en Galicia non entrarían neste suposto, non sendo incluídos tampouco estes espazos na relación de equipamentos e actividades con apertura ó público que quedaban suspendidos segundo o disposto no artigo 10 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

Trátase logo dunha covardía máis ou da xa crónica falla de compromiso para co rural e a súa xente ou, é unha operación de maior calado do PP a favor das grandes distribuidoras alimentarias?

A nosa perplexidade é absoluta, e máis cando se constata que noutras comunidades autónomas se autorizaron expresamente e continuaron a celebrarse os mercados de proximidade con ríxidas normas de seguranza e cos controis necesarios. Porén, gobernos como o de Catalunya e Euskadi obligaron á reapertura dos mercados alimentarios de proximidade mantendo os estritos protocolos anti-Covid, sen necesidade de agardar polo visto bo do Ministerio de Agricultura.

Aquí non. O único que se lle ocorreu á Consellería de Medio Rural foi “...facer que facía...”, tomndo unha medida propagandística que paradóxicamente se decide bautizar co nome de “MERCAPROXIMIDADE” e integrala nunha campaña de márketing institucional “VOU DE SUPERFEIRÓN”, onde se louva o esforzo infatigable dos nosos heroes e heroínas: gandeiros, agricultoras, apicultores, viticultoras, bodegueiros, queixeiras, ...ó tempo que se lle entrega o traballo dos nosos labregos e labregas subvencionado con fondos públicos, en bandexa de prata á gran distribución, sen posibilidade de negociación no prezo. Un “trágala” maquillado onde debemos amosar gratitud a un “Goliat” que devora ó noso “Davide”, co beneplácito da Consellería de Medio Rural.

Porén, en lugar de elaborar un protocolo que regulase as diferentes facetas destes mercados locais imprescindibles para a continuidade da actividade agroalimentaria,





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

toma contacto coas distribuidoras (tentando rematar co que proclama defender), para incorporar ós pequenos produtores no mercado lineal. O coronavirus serve así de pretexto para conseguir ese fin: que a única venda posible sexa por medio de grandes distribuidoras e que o resto sexa residual, nunha relación abusiva onde o produtor non ten ningún peso na negociación na cadea agroalimentaria.

O mercado local proporciona non só alimentos de calidade e confianza, senón tamén a planta necesaria para asegurar o abastecemento futuro da poboación tanto en modalidade de autoconsumo coma de venda.

E de todos/as é sabido que os labores do campo ou se fan no seu tempo ou son tempo e colleitas perdidas, e sen mercado que proporcione a planta de temporada este dito pode ser unha realidade que manque o abastecemento no verán.

Polo que se ve, o goberno do PP non quere aprender dos erros cometidos. As mascariñas, produto imprescindible no combate á pandemia son fabricadas a millares de quilómetros, outro tanto acontece cos insumos básicos para manter a alimentación do noso gando de leite e carne nas modalidades de vacún, porcino, avícola... en réxime de produción intensiva e tal acontece tamén coa alimentación humana. A Xunta pois, desobedeceu as recomendacións da UE que aconsellaban permitir a libre circulación de bens de primeira necesidade como os alimentos. Esta prohibición favoreceu ós de sempre, ás grandes cadeas da distribución, cando obxectivamente, os últimos estudos científicos aseguran que a venta directa de alimentos é máis segura que a súa comercialización en supermercados pechados e en moitas ocasións ateigados de consumidores e con escasa ventilación.

O proceso debería ser o inverso: a preocupación por unha alimentación saudable de procedencia local que amosa unha parte crecente da sociedade é hoxe unha oportunidade para mudar unhas políticas agrícolas feitas, ata agora, a medida do





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

agronegocio, e para colocar os problemas das labregas e dos labregos e do rural enriba da mesa, como os prezos baixos, unha cadea alimentaria na que a industria e a distribución manteñen unha posición abusiva, a necesidade de apoiar as producións sostibles, os servizos públicos de calidade no rural, que se protexa a terra agraria ou que se garanta que os pequenos produtores poidan producir alimentos saudables cunha remuneración xusta.

É pois o momento de iniciar campañas de apoio a este comercio de proximidade e unha apostase clara pola extensión da actividade agrogandeira que nos encamiñe ao logro dun auto abastecemento básico de alimentos e produtos de primeira necesidade para a poboación galega. A tan de moda, agora que se lle ven os dentes ao lobo, soberanía alimentaria. Por maior calidade nos alimentos, por maior seguridade sanitaria, por desenvolvemento económico, por fixación de poboación no rural... por xestión do territorio.

Esta crise deberá servirnos para recuperalo prestixio que tiña este tipo de actividade mercantil da horta á mesa, o protagonismo do campo propio, na conformación dunha sociedade moderna.

Non será por falta de coñecementos, nin de xente disposta, nin por escaseza de terra ou climas adversos... De todo isto, coñecementos, xente disposta, terra e microclimas amables... temos en abundancia, soamente nos falta intencionalidade e vontade política a favor do pobo galego.

A propia ONU afirma que senón se atende a saúde humana, animal e ambiental como se dunha soa se tratase, seguirán a xurdir novos brotes zoonóticos que provocarán enormes pandemias, polo que a defensa da soberanía alimentaria convértese na mención fundamental para evitar que isto suceda.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúllase a seguinte interpelación:

Cal é a razón pola que o goberno galego opta por suprimi-los mercados locais argumentando falta de seguridade na crise sanitaria da Covid19 e declara esenciais os puntos de venda de alimentos ós supermercados e cadeas alimentarias?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Carmen Aira Díaz**

**Maria González Albert**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/09/2020 09:57:31**

**María González Albert na data 10/09/2020 09:57:34**

**María del Carmen Aira Díaz na data 10/09/2020 09:57:41**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Carreira Pazos, Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rabia é unha encefalomielite vírica aguda, producida por un virus da familia Rhabdoviridae, do xénero Lyssavirus e supón unha das enfermidades transmitidas a través dos animais más importantes a nivel mundial, sendo unha enfermidade de declaración obligatoria (EDO). Representa un importante problema de saúde pública dada a súa gravidade clínica, e provoca o falecemento de 60000 persoas anualmente en todo o mundo, especialmente en países en vías de desenvolvemento. Transmítense fundamentalmente por feridas provocadas por trabadas de animais infectados, e incúbase durante aproximadamente 2 ou 3 meses. Os signos clínicos varían dependendo do efecto do virus no cerebro e inclúen cambios repentinos no comportamento e unha parálise progresiva que acaba por provocar a morte. Unha vez aparece a clínica da enfermidade, a evolución é moi rápida causando o falecemento ó cabo dunha semana.

Tódolos os mamíferos de sangue quente son susceptibles de contraer a enfermidade, presentando os seres humanos unha alta sensibilidade, ó igual ca determinadas especies silvestres coma raposos ou lobos. Os cans, gatos, équidos, bóvidos e pequenos ruminantes presentan unha sensibilidade moderada, mentres que as aves, réptiles e peixes teñen unha sensibilidade escasa ou nula.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Non existe un tratamento para un animal infectado pola rabia. Debido ó importante risco de zoonose, debe realizarse a eutanasia e o diagnóstico post morten de calquera animal sospeitoso de presentar a rabia. En seres humanos, aplícase un coma inducido asociado a hipotermia e a administración de determinados antivirais. Non obstante, a taxa de mortalidade unha vez manifestada esta enfermidade é dun 100% a pesar de todas as medidas de tratamento.

En Europa esta infección cobra cada vez más importancia supoñendo unha ameaza para a Saúde Pública ó verse un incremento nos casos reportados de rabia en animais. Países coma Ucraína supoñen un enorme risco dada a elevada prevalencia desta enfermidade sendo un dos principais exportadores de cachorros de raza ó resto de Europa.

No Estado español a rabia está declarada como oficialmente erradicada desde o 1987, detectándose esporadicamente casos en morcegos e casos importados nas cidades de Ceuta e Melilla.

Non obstante, dada a proximidade xeográfica con países endémicos de rabia, non se pode descartar a aparición desta enfermidade no noso territorio (como ocorre noutros países europeos, coa aparición de casos importados de rabia debido á entrada ilegal de animais en período de incubación). A este feito debemos sumarlle o intenso tráfico de persoas e animais que se moven acotío polo territorio. A pesar disto, no estado español produciuse o falecemento dun cidadán no ano 2019 pola trabada dun gato contaxiado de rabia en Marrocos.

En Galiza non se rexistrou ningún caso de rabia desde 1962, polo que a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, a través da Orde do 15 de febreiro de 1994 (DOG núm. 46, do 8 de marzo), declarou Galiza libre de rabia e suprimiu a campaña oficial obligatoria de vacinación antirrábica de cans e gatos.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As recomendacións da Organización Mundial da Saúde para evitar a rabia inclúen a inmunización primaria de tódolos cans e gatos. Para asumir unha inmunidade de grupo suficiente e cun beneficio directo sobre a saúde pública é precisa unha taxa de inmunización canina superior ó 70%. Estímase que actualmente en Galiza existe unha taxa do 9%, producíndose unha situación preocupante de falta de inmunidade colectiva. Do mesmo xeito, non contamos a día de hoxe ningún sistema que permita a notificación efectiva de zoonoses desde as consultas veterinarias e a activación dos protocolos precisos para evitar o contaxio de seres humanos. Infeccións como pode ser a Leishmania, están vendo incrementando o número dos casos existentes no territorio galego afectando a cans domésticos sen producirse paralelamente un aumento na vixilancia epidemiolóxica.

Dada a situación actual producida pola COVID-19 podemos extraer certos paralelismos con esta enfermidade, ó tratarse ambas de dúas infeccións sen un tratamento efectivo e nas cales as medidas de prevención da enfermidade resultan clave para o seu control.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- É consciente o goberno galego do risco de zoonose que representa a rabia nestes momentos no noso país?
- Ten algunha medida de control sanitario sobre os cachorros que se importan de países onde a rabia ten unha presenza preocupante?
- Cal é a razón pola que o goberno galego non establece unha vacinación obligatoria nos cans para conseguir unha inmunización colectiva aceptable?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Que medidas de saúde pública ten contempladas o goberno galego para a detección precoz destas zoonoses de prevalencia crecente e evitar así o seu paso ós seres humanos?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

**Asdo.: Iria Carreira Pazos**

**Maria González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 10/09/2020 10:32:16**

**María González Albert na data 10/09/2020 10:32:27**

**María del Carmen Aira Díaz na data 10/09/2020 10:32:35**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/09/2020 10:32:43**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Rosana Pérez Fernández e Daniel Pérez López**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar para garantir a viabilidade e o mantemento de todos os postos de traballo da conserveira asentada en O Grove, Thenaisie Provoté.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da conserva ten sido de enorme relevancia en Galiza, na xeración de emprego, moi especialmente feminino, mais as continuas deslocalizacións, o peche progresivo de firmas fai que na actualidade esa realidade sexa xa pasado, sendo moi poucas as firmas que se manteñen na actualidade.

Un sector estratéxico na ría de Arousa e na comarca do Salnés, que chegou a xerar miles de postos de traballo, hoxe praticamente desaparecido, firmas históricas como Alfageme, Peña, Pita, Alimentos Arosa... empresas nas que fundamentalmente traballaban mulleres foron desaparecendo unha tras outra, sendo hoxe case testemuñal en relación ao que representou.

Unha das empresas conserveiras que a día de hoxe permanece é Thenaisie Provoté, situada no concello de O Grove, é unha das empresas máis





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

importantes do concello, e un motor económico. Na actualidade conta con 125 empregos directos entre a planta produtiva, situada en O Grove, e a loxística no concello de Mos, aos que hai que sumar os postos temporais par realizar campañas puntuais. Ten unha facturacións de máis de 30 millóns de euros anuais, con catro marcas propias ademais das brancas. Distribúe peixe e marisco en conserva a máis de 40 países de Europa, América, África e Asia

Esta conserveira, actualmente propiedade da empresa romanesa Scandia Food, está nunha situación moi delicada, ao terse declarado en concurso voluntarios de acredores, alegando insolvencia, no mes de maio. Transcorridos meses non se ten presentado unha solución á situación. A pesares de ter habido propostas de inversores de capital galego para adquirir a empresa garantindo a súa viabilidade e o mantemento dos postos de traballo, non ten frutificado ningún acordo.

O concello de O Grove, e a comarca do Salnés, non poden permitirse o peche da conserveira Thenaisie, a perda de máis tecido industrial e de moitos postos de traballo, porque non se trata só dos 125 directos, que de por si sería un auténtico drama, senón tamén dos temporais e dos moitos indirectos vinculados á actividade da conserveira.

A actuación responsábel do cadre de persoal e do comité de empresa, implicado desde o primeiro momento en buscar alternativas, ten que ter correlación na Xunta de Galiza, que ten que ser parte activa na busca de solución,





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ten que implicarse decididamente en garantir a continuidade da actividade e o mantemento da totalidade do emprego.

Por todo o exposto formulase a seguinte interpelación:

Coida que Galiza pode seguir perdendo máis tecido industrial, en especial nun sector que tiña que ser estratéxico como é o conserveiro?

Que accións está realizando a Xunta de Galiza para permitir a viabilidade e o mantemento de todos os postos de traballo da conserveira Thenaisie Provoté, situada no concello de O Grove?

Está buscando, como alternativa prioritaria, unha solución de capital galego, que permita a titularidade galega da empresa?

Ten valorado o Goberno galego as consecuencias para o concello de O Grove e a comarca do Salnés do peche da conserveira Thenaisie e a perda de postos de traballo que ocasionaría?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Rosana Pérez Fernández**

**Daniel Pérez López**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 10/09/2020 10:56:53**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2020 10:56:56**

**Daniel Pérez López na data 10/09/2020 10:57:03**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela,** deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O inicio de curso escolar está supoñendo un problema de enorme envergadura para docentes, pais, nais e alumnado en toda Galicia, debido ao abandono e inmovilismo da Xunta de Galicia que non da respondido ás necesidades dos centros educativos para garantir a seguridade hixiénico – sanitaria nestas circunstancias.

O Salnés está converténdose nunha comarca onde este tipo de problemas estanse vendo con maior claridade. Nos recentes días intensificáronse as protestas e demandas dos centros educativos á Consellería de Educación pola ausencia de criterios, planificación e respostas as cuestións e propostas enviadas polos equipos directivos.

O IES Castro Alobre, de Vilagarcía, prevé ter que demorar o inicio do curso porque non recibe resposta da Consellería de Educación sobre desdobre de aulas e dotación de máis docentes para cubrir esta posibilidade. O Centro de Educación Especial fixo pública estes días a súa sensación de sentirse “abandonado” pola Administración. Os sindicatos de docentes reclaman maiores medidas de protección sanitaria e activaron mobilizacións en protesta cara a Xunta de Galicia que, ademais, descarga sobre os concellos as responsabilidades de desinfección e limpeza especial dos centros, o que supón un sobrecuste insoportable para a administración local pola desidia e irresponsabilidade da Xunta. Nesta mesma liña, a Xunta de Galicia negouse incluso a realizar as probas serolóxicas pertinentes ao persoal de servizos dos centros educativos, a pesares de que comparten espazos e participan igualmente da actividade diaria dos centros, tendo os concellos que asumir esta labor.

De maneira sinalada, o CEIP Mosteiro de Meis ven de evidenciar un claro caso de descontrol organizativo por parte da Consellería de Educación. Un dos membros do equipo directivo ven de resultar positivo por COVID, o que obriga ao illamento de todo este equipo, que compartiu labores de planificación e organización previas ao inicio do curso, e tamén do persoal do Concello que estivo realizando tarefas de mantemento e posta a punto do centro para que todo estivera en funcionamento para o inicio. Con esta situación, sorprende a ausencia



de resposta por parte da Xunta sobre medidas especiais a tomar, e o ditame de que o curso debe iniciarse igualmente a pesares destes problemas. Sen equipo directivo, e sen poder estes aportar a súa labor docente, a Xunta non ofrece maior solución ao centro nin ao Concello, quen está realizando as xestións para cubrir as probas serolóxicas necesarias para o persoal que mantivo contacto recentemente co positivo dado que Educación tampouco se encarga disto.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como valora a Xunta de Galicia que exista un nivel de desorganización tan relevante por parte da Consellería acusada por un gran volume de responsables dos centros educativos?
2. Por que a Consellería de Educación non asume os gastos corresponden á desinfección e medidas especiais hixiénico-sanitarias dos centros educativos da súa responsabilidade?
3. Por que a Consellería de Educación non da resposta aos equipos directivos e gobernos municipais que veñen traballando en ofrecer solucións e propostas para iniciar o curso escolar nas mellores condicións posibles?
4. Considera a Consellería de Educación que o CEIP Mosteiro de Meis está realmente en condicións de iniciar o curso de maneira natural coa ausencia forzada por illamento do seu equipo directivo?

Pazo do Parlamento, 10 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
          Luís Manuel Álvarez Martínez  
          Noa Díaz Varela

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 10/09/2020 11:51:15**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/09/2020 11:51:23**

**Noa Susana Díaz Varela na data 10/09/2020 11:51:35**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

En recentes datas foi coñecido, a través dos medios de comunicación, un caso de posible roubo no Hospital de Montecelo, de produtos sanitarios con valores pouco inferiores a 1 millón de euros. Pouca información se ten ofrecido sobre o asunto por parte da Xunta de Galicia, ben sexa dende as responsabilidades superiores ou pola Xerencia da Área sanitaria.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que material concretamente foi substraído do Hospital de Montecelo?
2. Que valor se estima que ten o material substraído?
3. Que procedementos ten iniciado a Consellería de Sanidade ao respecto?
4. Que nova información pode aportar sobre o caso a Consellería de Sanidade?
5. Cando prevé a Consellería de Sanidade ter novedades que permitan resolver a situación?

Pazo do Parlamento, 10 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 10/09/2020 11:41:12**

**Marina Ortega Otero na data 10/09/2020 11:41:24**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa as medidas a tomar en materia de persoal e de infraestrutura para garantir unha atención sanitaria digna xs veciñxs do concello de O Grove.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política sanitaria levada a cabo polo Partido Popular ten ocasionado un deterioro inmenso na sanidade pública de Galiza. É especialmente preocupante a situación de Atención Primaria, onde os recortes de orzamentos e de persoal realizounos con maior intensidade. As consecuencias son unha sobrecarga asistencial moi importante, ao ter que facer xs profesionais o traballo dxs que non son substituídxs, dando lugar a listas de espera para conseguir cita.

Esta pandemia ocasionada polo COVID-19 puxo aínda máis ao límite o noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercuśón que ten someter ao sistema sanitario a uns tremendos recortes tanto en termos de recursos económicos como humanos.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Neste contexto o BNG ve con moita preocupación como durante os últimos anos a atención sanitaria no concello de O Grove non fixo máis que deteriorarse,

É imprescindíbel a construcción dun novo centro de saúde, dado o mal estado e falta de accesibilidade do actual, tanto para que xs veciñxs de O Grove poidan reciban unha asistencia sanitaria de calidade como para que xs profesionais desempeñar o seu traballo con dignidade.

De igual xeito é preciso que o Sergas remate coa súa nefasta política de persoal: non substitución dxs profesionais, nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, peche de axendas, o que orixina listas de espera xa non de días senón de semanas, chegando á situación da soa presenza dun médico na vez dos sete que forman o cadro de persoal, para atender tanto aos veciñxs, coma a todxs as persoas que veñen de fóra no verán.

Polo exposto formúllase a seguinte interpelación:

Vai atender as más que xuntas reivindicacións da veciñanza do concello de O Grove sobre as carencias de persoal e a construcción dun novo centro de saúde?

Vai proceder á substitución completa, inmediata e permanente de todxs xs profesionais ausentes, sexa por baixa, vacacións ou xubilación no centro de saúde de O Grove?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Vai a Xunta de Galiza implicarse de xeito decidido para iniciar de inmediato a construcción dun novo centro de saúde no concello de Ogrove?

Vai contemplar unha partida orzamentaria suficiente nos orzamentos da Xunta para o vindeiro exercicio para este fin?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

**Asdo.: Montserrat Prado Cores  
Iria Carreira Pazos  
Olalla Rodil Fernández**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2020 13:21:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2020 13:21:43**

**Iria Carreira Pazos na data 10/09/2020 13:21:54**



## Á Mesa do Parlamento

**Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Son múltiples as noticias aparecidas nestas datas sobre os danos causados pola fauna salvaxe no noso territorio, a cidadanía que estes días teñen necesidade de recorrer ao servizo do teléfono 012 para iniciar trámites administrativos, estanse a atopar con que o sistema os pon en espera ata que transcorre o tempo máximo e a chamada se cancela, tendo que volver a repetirse as chamadas de xeito infrutuoso.

Isto está a facer que as persoas afectadas polos danos da fauna salvaxe que queiran solicitar axudas de indemnización dos danos á Xunta de Galicia non poidan iniciar a tramitación do expediente e se lles cancele o prazo; xa que a propia “*Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas e se convocan para o ano 2020*” establece que os afectados e as afectadas teñen 72 horas de prazo para dar parte no sistema telefónico de avisos do 012; a través do cal se lles asigna número de expediente, concértase a visita de inspección de danos polos axentes medioambientais, e o inicio do prazo de presentación da solicitude.

Cómpre que a Xunta de Galicia solvente de xeito inmediato as deficiencias do sistema de asistencia integrada á cidadanía do 012, ou ben habilite un sistema alternativo de comunicación de danos que permita iniciar a tramitación das axudas para pago dos danos do xabaril, dentro dos prazos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai solventar, de xeito inmediato, o Goberno galego as deficiencias do sistema integrado á cidadanía do 012?



2. Vai habilitar o Goberno galego un sistema alternativo de comunicación de danos que permita iniciar a tramitación das axudas para o pago dos danos do xabaril?

Pazo do Parlamento, 10 de setembro do 2020

Asdo.: Martín Seco García  
Carmen Rodríguez Dacosta  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 10/09/2020 15:42:48**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/09/2020 15:42:59**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á necesidade dun Plan de Continxencias para evitar o colapso dos servizos sanitarios polos brotes de gripe e enfermidades respiratorias e os contaxios por COVID 19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O número de persoas positivas por COVID 19 non fai máis que aumentar por toda Galiza, e a sanidade pública galega enfrentándose ao que se está chamando segunda onde de contaxios da poboación por COVID19, nunha situación de Atención Primaria afogada por unha falta estrutural de persoal, con moito persoal de vacacións, sen contratación de persoal de reforzo...

Xs profesionais que están traballando fano cunha sobrecarga brutal, axendas de 50 e 60 consultas ao ter que atender o propio cupo e o dxs ausentes, enorme presión telefónica e de demanda de asistencia sobre o persoal de cita. A isto hai que engadir a sobrecarga de diagnosticar e facer seguimento ás persoas positivas de COVID que permanecen nos seus domicilios.

Coa chegada do outono, coincidindo coas épocas de frío, tamén é previsíbel que se produza a incidencia dos brotes epidemiolóxico habituais por





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

calendario como son os brotes de gripe e enfermidades respiratorias, xa que acontecen, con maior ou menor incidencia todos os anos.

Parece máis que evidente a necesidade dun plan de continxencia que contemple as necesidades de contratación de persoal para fazer fronte á atención habitual, os brotes de gripe e enfermidades respiratorias, aos novos contaxios e o seguimento sanitario das persoas que o precisen.

Un plan de continxencia que contemple as necesidades de persoal e de medios para a atención sanitaria ordinaria e as extraordinaria derivadas da COVID e a gripe. Non é posíbel atender toda a demanda sanitaria sen aumentar os medios, e a alternativa non pode ser pretender deixar en suspenso o resto das patoloxías. É preciso un plan de continxencias que garanta a atención sanitaria de todas as patoloxías á poboación.

Non se pode dar resposta á pandemia sen unha boa asistencia sanitaria e non se pode garantir esa asistencia sen o persoal necesario, tanto na Atención Primaria como na hospitalaria.

Por todo isto formúllase a seguinte interpelación:

Que Plan de Continxencia ten preparado a Xunta de Galiza para garantir a asistencia sanitaria dxs galegos tanto na Atención Primaria como na hospitalaria nos vindeiros meses diante do previsíbel aumento da demanda asistencial derivada tanto pola COVID 19 como polos brotes de gripe e enfermidades respiratorias estacionais?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

En que vai a consistir?

Cal é a planificación do Sergas para evitar o colapsos dos servizos?

Cantos profesionais ten previsto contratar a Xunta para afrontar a situación tanto en primaria como hospitalaria?

Ten realizado unha valoración do orzamento preciso?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2020 15:58:02**

**Iria Carreira Pazos na data 10/09/2020 15:58:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2020 15:58:16**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Numerosas entidades sociais (organizacións de defensa do territorio, colectivos veciñais, comunidades de montes) presentaron alegacións e escritos de rexeitamento da tramitación do proxecto mineiro de litio denominado Alberta I, que afectaría a parroquias dos concellos de Avión, Beariz, Forcarei, Cerdedo-Cotabade e A Lama. En realidade, trátase dunha primeira fase dun proxecto máis amplio, que tería unha grave incidencia en zonas habitadas e produtivas do interior das provincias de Pontevedra e Ourense, en espazos de grande interese paisaxísticos e ambiental como as serras do Cando e do Suído, e nas bacías dos ríos que nacen nelas como son o Oitavén e o Verdugo.

A empresa promotora do proxecto solicitou o pase do permiso de investigación do proxecto Alberta I a permiso de explotación nunha zona denominada “Coto Tocayo”, situado nos lugares de Doade (Beariz) e Acevedo e Rubillón (Avión). En realidade, o ámbito do proxecto Alberta I abranxe 123 cuadrículas mineiras nunha zona dividida en seis áreas que reciben os nomes de “Presqueiras” “Correa”, “Coto Tocayo”, “Acevedo”, “Rubillón” e “Taboazas”. E contempla a explotación sucesiva de diversas minas dentro da superficie afectada.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Nas alegacións presentadas por organizacións veciñas, de defensa do territorio e ecoloxistas fan constar unha serie de irregularidades na tramitación do proxecto por parte da administración autonómica.

- Omisión do procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental

Segundo o escrito presentado polo Sindicato Labrego Galego, “o proxecto inicial está fragmentado de maneira fraudulenta para evitar a avaliación de impacto ambiental” que é perceptivo segundo a lexislación sectorial. A este respecto cómpre ter en conta o previsto no Anexo 1 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental que determina os Proxectos sometidos a avaliación ambiental ordinaria regulada no Título II, Capítulo II, sección 1ª:

b) Minaría subterránea nas explotacións nas que se dea algunha das circunstancias seguintes:

- Que a súa paraxénese poida, por oxidación, hidratación ou disolución producir augas acedas ou alcalinas que dean lugar a cambios no pH ou liberen ións metálicos ou non metálicos que supoñan unha alteración do medio natural.
- Que exploten minerais radiactivos.
- Aquelas cujos minados se atopen a menos de 1 km (medido en plano) de distancias de núcleos de poboación, que poidan inducir riscos por subsidencia.

En relación co expediente iniciado en 2013 pola Xefa do Servizo de Enerxía e Minas de Ourense, no que solicita ao departamento de Avaliación Ambiental que determine o alcance ambiental do proxecto de pase a concesión de explotación, o Instituto Geológico y Miero de España (IGME) emitiu un informe que alerta sobre a





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

possibilidade de formación de augas ácidas de mina e ao risco de subsidencia pola proximidade a núcleos habitados. Asemade, indicaba a necesidade de someter o proxecto ao trámite de avaliación de impacto ambiental, que debería incluír un Plan de seguimento e vixilancia. Chama poderosamente a atención que no procedemento aberto en setembro de 2018, no que se solicitou informes de diferentes órganos sectoriais, non se inclúise o IGME, toda vez que o seu informe é preceptivo segundo a lexislación de aplicación.

Con respecto ao proxecto inicial, logo modificado parcialmente, presentouse en 2014 un informe da Sociedade Galega de Historia Natural no que se indicaba que “as formacións xeolóxicas que conteñen tantalita poden presentar asociados minerais que conteñen torio e outeos elementos radioactivos”, polo que solicitaba que “o estudo de impacto ambiental avalíe con detalle e rigor a presenza de torio e outros elementos radiactivos asociados aos minerais (tantalita e casiterita) que se pretendan explotar e, no caso de que estean presentes no xacemento, explice as medidas previstas para evitar afeccións negativas sobre a saúde humana e dos ecosistemas”.

A mesma entidade promotora do proxecto recoñece na documentación presentada que “a explotación mineira está a unha distancia en plano inferior a 1 km do núcleo urbano máis próximo” e a pesar diso a Memoria da solicitude de concesión de explotación, datada en xuño de 2018, establece categoricamente que “o proxecto de aproveitamento Coto Tocayo non está incluído en ningún dos supostos nos que a lexislación vixente prevé que ha de realizarse unha avaliación de impacto ambiental”.

A pesar das obrigas legais e dos informes citados, chama a atención que o Xefe de Sección de Avaliación Ambiental da Dirección Xeral de Avaliación Ambiental e Cambio Climático da Xunta conclúa que “non resulta necesaria a tramitación dunha





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

declaración de impacto ambiental”, o que curiosamente vén coincidir cos intereses e os argumentos da empresa promotora.

Posteriormente, a Confederación Hidrográfica Miño Sil emitiu con data 27.11.2019 un informe desfavorábel ao proxecto presentado, no que se indica que “todas as augas residuais xeradas dentro do perímetro de explotación, incluídas as augas de escorrentía provenientes do vertedoiro e das instalacións auxiliares, provisións de materiais, zonas de lavado, pistas e as provenientes das bocaminas deberán ser depuradas, de forma que as verteduras realizadas non supoñan o incumprimento das normas de calidade establecidas na normativa vixente”.

#### - Fraccionamento de proxectos

Tal como ditaminou o Tribunal de Xustiza da UE, “a Directiva 85/337 non pode eludirse mediante o fraccionamento dun proxecto, de maneira que a non consideración do efecto acumulativo de varios proxectos non debe ter como consecuencia práctica que sexan eximidos na súa totalidade á obriga de avaliación cando, considerados conjuntamente poidan ter efectos significativos no ambiente”.

A mesma lei 21/2013 de avaliación ambiental define o “Fraccionamento de proxectos” como un “Mecanismo artifioso de división dun proxecto co obxectivo de evitar a avaliación de impacto ambiental ordinaria no caso de que a suma das magnitudes supere os umbrais establecidos no Anexo I”.

Estamos pois diante dun posíbel fraude de lei consistente no fraccionamento artifioso dun proxecto mineiro que ten impactos ambientais moito más extensos e de carácter acumulativo.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúllase a seguinte interpelación:

Considera a Xunta de Galiza que o proxecto mineiro denominado Alberta I debe someterse a avaliación de impacto ambiental ordinaria?

Cre o goberno galego que se dan os supostos previstos na lei de avaliación ambiental para esixir a avaliación de impacto ambiental ordinaria?

Considera o goberno galego que estamos diante dunha posible fraude de lei por fraccionamento de proxectos?

Por que non se solicitaron todos os informes preceptivos previstos na lexislación sectorial?

Que opinión lle merecen as advertencias de ilegalidade que se lle fixeron nas alegacións presentadas?

Ten previsto o goberno galego abrir un proceso de diálogo coas entidades afectadas e coa veciñanza da zona en relación cos riscos derivados deste tipo de explotacións mineiras?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputados do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/09/2020 16:17:07**

**Alexandra Fernández Gómez na data 10/09/2020 16:17:10**

**Paulo Ríos Santomé na data 10/09/2020 16:17:17**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e María González Albert**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde os episodios de outubro de 2017 tivemos dous anos de descanso meteorolóxico nos que a incidencia dos lumes foi moi baixa.

2020 presentouse cunha primavera moi húmida en xeral que provocou que no verán teñamos unha grande cantidade de biomasa nos montes o que aumenta o risco de lumes más virulentos e de grandes proporcións..

Desde a Consellería non se fixeron efectivas case ningunha das medidas que aconsellaban tanto o Ditame da Comisión Parlamentaria de Estudo..... coma as conclusións do Comité de Expertos a respecto do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais.

A primeira metade do período de risco deste ano mostrouse sen chuvias, con altas temperaturas e con ventos que propiciaron que a biomasa estivese moi seca, con alta combustibilidade e que nesas condicións o número de lumes fose moi alto e de pequenas proporcións excepto en Ourense





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Preséntase pois un panorama semellante ó de 2005. Un ronsel de pequenos lumes que se van atallando. Ourense é a excepción con incendios de grandes dimensións que superan as 1000has, aínda que non contén os cultivos e as terras agrarias.

O que nos mostran estes grandes lumes é que están calcando as superficies ano tras ano. Co seu relativo descanso dun período de poucos anos vólvese repetir de xeito que se podería predicir onde comeza, por onde corre e onde remata. As fotos da UVigo comparando dous lumes de diferentes anos en Dodro-Rianxo son case idénticas rebasando as 1.200 has queimadas.

No de Queirugás (Verín) sempre comeza preto da capela dos Remedios, corre ata pasa-la autovía e un pouco máis adiante atállase e case sempre regresa, é dicir, volve. O de Flariz, xa na década do 2011 copiou a superficie chegando á adega de Crego e Monaguillo. Cualedro repítese, ese nome soa tódolos anos de risco. E que dicir do Xurés a un lado e outro da raia...

A pregunta que nós facemos é por que desde a Consellería non se toman en serio esta alta actividade incendiaria e por que non se toman medidas preventivas analizando o problema, buscando a raíz e pónolle remedio. Por que os nomeados Comités de Distrito nas conclusións do Comité de Expertos que poderían englobar diferentes actores sociais e económicos e analizar e buscarlle remedio non existen? Aforrariamos cartos e sobre todo gañaríamos territorio. Hai que tomarse en serio as Zonas de Alta Actividade Incendiaria.

O cortoplacismo do PP e da Consellería lévanos a unha situación que se pode resumir cando se fixan os obxectivos de que non ardan máis de 20.000Has.

O primeiro a ordenar e facer prevención é a interface periurbana que é onde máis perigo de colapso se ofrece nunha vaga de lumes.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A Ordenación do monte, o mosaico, a extensión de figuras de xestión colectiva do mesmo (UXFOR) o confinamento do eucalipto e a súa moratoria, a potenciación da biodiversidade. Lembremos que a Covid 19 deixou ó descuberto que a mellor protección que temos os humanos para minimiza-las pandemias é a conservación e potenciación da biodiversidade. O futuro é a economía verde.

Que foi das 30 medidas que anunciou Feijóo cando áinda estaban as brasas dos lumes de outubro do 17 sen apagar?

Nada se fixo. O caos segue a imperar no monte galego. ENCE e o Taboleiro dictan as políticas forestais da Consellería. E Galicia arde. E os períodos de seca e de grande risco acortan as frecuencias. E as masas son continuas. Un 30-30-30 pode causar outra vez vítimas.

Non abonda con lle rezar ós santos para que traian a chuvia ou fagan de bombeiros mentres o rural queda sen xente e o territorio sen xestión e aproveitamentos sensatos. De nada serven as declaracíons culpando a terroristas incendiarios dos males do monte. A problemática disfrazase e os lumes continúan.

A investigación é un piar fundamental, se non se investiga non se saben as causas. Mais a investigación debe ser axeitada ó territorio e ó coñecemento do mesmo. En cada zona hai unha motivación distinta, en cada Distrito, mesmo en cada provincia e só coa investigación daremos pasos firmes; non será a fin dos lumes de Galicia pero si un gran salto... todo o demais: Operación Centinela, Policía a cabalo vidos de Madrid... son manobras de distracción... da opinión pública.

Íanse crear 31 prazas BIIF (Axentes Ambientais, nas Brigadas de Investigación de Incendios Forestais) e así aparecían no PLADIGA pero este ano desapareceron.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cales son as causas, a xuízo da Consellería, que motivan a alta incidencia de lumes en determinadas zonas de Ourense?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Maria González Albert**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2020 17:11:42**

**María González Albert na data 10/09/2020 17:11:46**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/09/2020 17:11:53**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/09/2020 17:12:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á necesidade de avaliar e reformular as medidas para a mobilización do parque de vivendas baleiras.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG de 20 de agosto de 2020 publícase a Resolución do 11 de agosto de 2020 pola que se dá publicidade da relación das persoas ou entidades beneficiarias de varios programas de axudas concedidas ao abeiro das convocatorias realizadas no ano 2019 polo Instituto Galego de Vivenda e Solo. De entre as diferentes convocatorias recollidas en dita resolución resólvese a relativa á Resolución do 28 de decembro de 2018 pola que se convocan as subvencións do Programa Rehaluga, dirixida ás persoas ou usufrutuarias das vivendas en trámite de incorporación no marco do Programa de vivendas baleiras, para o ano 2019.

Dun crédito orzamentario inicial de 100.000€ só constan tres persoas beneficiarias, nun total de 5 expedientes que suman un importe de 37.532,57€, o que supón un 37% do orzamentado. Estas cifras supoñen un pequeno aumento con respecto á serie histórica, cun montante de 10.499€ en 2017 e 6.986€ en 2018. Porén, en termos de impacto real tan só se pasou de dúas persoas beneficiarias no ano 2018 a tres no ano 2019.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Habendo case 300.000 vivendas baleiras en Galiza, o feito de que tan só se adherisen ao programa tres persoas supón un fracaso rotundo e a incapacidade ou nula vontade política á hora de abordar un dos principais problemas que padece Galiza en materia de vivenda, sendo esta a comunidade autónoma coa maior porcentaxe de vivenda baleira do Estado.

Por todo isto formulase a seguinte interpelación:

-Que balance fai o goberno da eficacia do Programa de vivendas baleiras?

-Vai implementar novas medidas para a mobilización da vivenda baleira?

-Dispón o Instituto Galego de Vivenda de mecanismos que permitan diferenciar dentro da bolsa de vivendas baleiras distintas tipoloxías ou casuísticas, que sirvan para orientar con maior concreción e de forma máis eficaz as políticas públicas relativas a esta materia?

-Que medidas prevé desenvolver a Xunta para que a mobilización da bolsa de vivendas baleiras se realice con criterios redistributivos?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/09/2020 17:25:58**

**Alexandra Fernández Gómez na data 10/09/2020 17:26:01**

**Paulo Ríos Santomé na data 10/09/2020 17:26:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á satisfacción das demandas das plataformas de emigrantes retornados en relación coa tributación das súas pensións e ao cumprimento dos acordos plenarios na materia.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente como o actual sistema impositivo non está a contribuír a corrixir as desigualdades económicas nin a redistribuír a riqueza. Ben ao contrario, as decisións que foron emanando ao respecto por parte do goberno central durante o período posterior ao inicio da crise do 2008 foron na dirección contraria, e supuxeron grandes problemas para as maiorías sociais. Un dos sectores máis afectados foi o das e dos pensionistas galegos e, de forma especial, as e os emigrantes retornados.

Neste sentido, cómpre recordar como xa desde o ano 2013 tiveron que mobilizarse e organizarse socialmente para dar resposta ás inxustizas arbitradas pola facenda estatal. Milleiros de galegos e galegas viron como despois de traballar mesmo décadas fóra de Galiza obtiñan un tratamento fiscal desigual que os situaban como defraudadores e defraudadoras. Porén, a súa vontade incansábel conseguiu forzar cambios normativos que permitiron, grazas á mobilización popular e á contestación social, que moitas persoas recuperaran o perdido. A finais do ano 2014, a través da disposición adicional da Lei 26/2014 introduciuse unha modificación mediante a que de





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

forma implícita o goberno central viña a recoñecer que a Axencia Tributaria viña realizando unha interpretación abusiva das disposicións legais. Desta forma, estableceuse un período de regularización e o establecemento dun período voluntario de tributación para os e as que aínda non teñan realizado a declaración.

Porén, hai que sinalar tamén que estas mudanzas son aínda insuficientes e non supuxeron unha recuperación global dos dereitos vulnerados nin a tranquilidade para as diferentes casuísticas. A día de hoxe segue sen existir unha regulación real, clara e xusta da tributación para os e as emigrantes retornadas. Este colectivo continúa a pé de rúa para demandar ao goberno español o cumprimento dos convenios bilaterais asinados cos Estados membros, a eliminación dos expedientes abertos e o impulso de cambios normativos para homoxeneizar o status das pensións independentemente da súa orixe no marco do estado español ou no marco estranxeiro.

Unha das ausencias máis significativas é a referente ao tratamento xusto das pensións de invalidez. Neste sentido, en abril de 2017 o Bloque Nacionalista Galego impulsaba no Parlamento Galego un acordo ao respecto que foi adiante co seguinte contido: «O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se demande do Goberno español que nas negociacións dos convenios de dobre imposición se introduza unha cláusula que permita o recoñecemento dos certificados de invalidez de calquera dos estados contratantes para os efectos das obrigas tributarias que podan ter as súas pensións no país de residencia do ou da pensionista.».

Porén, desde entón non se teñen producido cambios significativos a favor deste colectivo. Máis aínda, temos noticia de feitos preocupantes ao coñecermos casos que se ben até o momento tiñan rematado con sentenzas favorábeis cara as e os contribuíntes, comezaban a determinarse como desestimatorias, visibilizando un cambio de criterio por parte dos operadores xurídicos. Un cambio de criterio que desde a formación





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

nacionalista vemos con preocupación, xa que pola parte competente aos organismos administrativos do social tampouco se ten dado unha mellora e actualización das canles a seguir para solucionar estas situacións, nin se prevén novos mecanismos que superen a saturación e listas de agarda que existen na actualidade.

Máis aínda, a irrupción da pandemia do coronavirus supón importantes ralentizacións nos trámites administrativos en xeral, para alén de novas dificultades sociais nas que, unha vez máis, son moitos dos nosos maiores quen axudan aos fogares a tirar cara adiante grazas ás pensións. Polo tanto, é urgente que se leven a cabo actuacións para superar esta situación e establecer as mudanzas necesarias para que as pensións de invalidez teñan un marco de recoñecemento adecuado que facilite o retorno para as e os emigrantes sen que sexa un prexuízo económico.

Por todo isto formulase a seguinte interpelación:

-Que actuacións ten levado a cabo o goberno galego para exixir do Estado e internacionalmente que as pensións de invalidez teñan un marco de recoñecemento adecuado que facilite o retorno para as e os emigrantes galegos sen que represente un prexuízo económico?

-Considera o goberno galego que está garantido o tratamento igualitario e homoxéneo para a tributación das pensións das e dos emigrantes retornados a Galiza?

-Que actuacións levou o goberno galego para cumplir os acordos plenarios existentes a respecto das problemáticas das e dos retornados?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Que medidas ten demandado o goberno galego para a homologación de oficio o recoñecemento de oficio das pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións?

- Considera o goberno galego que ten feito o suficiente para demandar o reforzo daqueles organismos vinculados á seguridade social e á acreditación de invalidez neste momento no que no ámbito xudicial están a desestimar boa parte das reclamacións dos colectivos no tocante ás pensións de invalidez?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2020 17:35:45**

**Daniel Pérez López na data 10/09/2020 17:35:47**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 10/09/2020 17:35:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a falta de transparencia da área sanitaria de Pontevedra-O Salnés en relación cos contaxios de Covid no concello de Pontevedra.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra-O Salnés ven mantendo unha actuación completamente escurantista e falta de transparencia na información sobre a evolución da pandemia nos concellos do seu ámbito, e especialmente no caso do concello de Pontevedra. Tal como revela a Orde publicada onte no DOG, a incidencia do virus leva aumentando desde o pasado 22 de agosto, dunha maneira máis intensa desde o 30 de agosto, sen que por parte da Xerencia se dese información ao respecto. E o que é peor, o departamento de prensa da área sanitaria estivo informando de que que non había abrochos nesta zona e que os 379 positivos eran casos illados.

Chama especialmente a atención que esta Área, a diferencia do que acontece noutras, non dea información desagregada por concellos, nin á poboación en xeral nin ás propias autoridades municipais, no que constitúe unha actuación de falta de transparencia e de lealdade institucional. Por outra parte, é moi chamativo que durante as pasadas semanas non se dese información desde o SERGAS sobre casos de abrochos nesta comarca, do que parece deducirse que estamos diante dun fenómeno de transmisión comunitaria.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Esta falta de información e de transparencia non é aceptábel en ningunha circunstancia pero moito menos nunha situación de grave emerxencia sanitaria e de preocupación social polos efectos da COVID 19 en todos os ámbitos, especialmente para as persoas e colectivos máis vulnerábeis. E por outra parte, a falta de transparencia ten como derivada indesexábel a proliferación de rumores e bulos que ánda complican más unha situación xa de por si moi preocupante.

#### Diferentes normas para academias e centros escolares

Por outra parte, sen cuestionar as medidas adoptadas pola Xunta no día de onte, que están plenamente xustificadas pola gravidade da situación, cualificada pola propia administración como “de risco alto/medio”, chama a atención que non se teñan en conta as consecuencias do comezo neste mesmo día do curso escolar en educación infantil e primaria. E que mesmo se produzcan contradicións como as restricións impostas nas academias e centros privados de ensino, nos que se establece un máximo de 10 persoas por grupo, e os grupos moito más numerosos do ensino obligatorio que precisamente comezan o curso, no caso de infantil e primaria, coincidindo coa entrada en vigor das mediadas de prevención no concello de Pontevedra-Marín-Poio-Bueu

Polo anteriormente exposto formúllase a seguinte interpelación:

Por que o SERGAS non conta cun protocolo único de transparencia para informar sobre a evolución epidemiolóxica das diferentes áreas sanitarias?

Por que a administración galega non proporciona os datos desagregados de contaxios por concellos?





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por que o SERGAS non ten un criterio único a respecto da información sobre gromos ou abrochos?

Por que desde a Área Sanitaria de Pontevedra O Salnés non se informa de casos de abrochos?

Significa isto que estamos ante unha situación de contaxio comunitario?

Por que a Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra non informou da evolución epidemiolóxica no concello de Pontevedra ao longo das pasadas semanas, cando segundo a orde publicada no DOG o 9 de setembro xa se constatara un incremento dos contaxios desde o 22 de agosto e especialmente desde o 30 de agosto?

Por que desde o departamento de prensa da Área Sanitaria de Pontevedra se estivo minimizando e ocultando a situación de contaxios por COVID en Pontevedra?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/09/2020 18:13:05**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2020 18:13:08**

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNNS E ÓRGANOS

- 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO
- 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNNS E CORRECCIÓNNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNNS

### 4.2. CORRECCIÓNNS DE ERROS





**PARLAMENTO  
DE GALICIA**

**BOLETÍN OFICIAL DO  
PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

